

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8 (CONT.)

SESION ORDINARIA DO 28 DE ABRIL DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Veloso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Romero Rodríguez, Begoña

NON ASISTE:

Muñoz Posse, Carlota

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as oito horas e trinta e sete minutos do día vinte e oito de abril do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da

Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Muñoz Posse. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral accidental don Benjamín Suárez Sánchez

A PRESIDENCIA: Procedemos á realización do Pleno do Concello en convocatoria de sesión ordinaria, continuación da realizada o día 25 de abril do presente ano, convocada por orde do día do 25 de abril que obra en poder dos señores e señoras concelleiros. Constátase quórum e ábrese sesión pública.

Iníciase a sesión no punto no que estabamos cando se suspendeu o pasado día 25.

PARTE RESOLUTIVA

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

ASUNTOS SOCIAIS

3.7.- (84).- DAR CONTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 04.04.11 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA O COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS NO 2011. EXPTE. 61387/301 (187/1101).

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do día 4 de abril de 2011, adoptou o seguinte acordo:

“30.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLO CONCELLO DE VIGO Ó LONGO DO ANO 2011. EXPTE. 61387/301.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da

técnica de Actividades Económicas, de data 30.03.2011, conformado polo xefe de área de Benestar Social e pola concelleira delegada da área de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar ao amparo e de conformidade coa Orde do 3 de marzo de 2011, para o cofinanciamento da prestación de Servizos Sociais polo Concello de Vigo ó longo do ano 2011.

2º- Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar ao amparo e de conformidade coa Orde do 3 de marzo de 2011 para proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.

Deste acordo darase conta ao Pleno da Excma. Corporación Municipal, consonte co artigo 11º da Orde citada.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 15 de abril, tomou coñecemento do anterior acordo.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Hoxe tráese a este Pleno precisamente o pedimento de subvención á Xunta de Galicia do Plan Concertado. Diciamos o outro día que o Plan Concertado é un dos principais recursos financeiros co que contamos os concellos para o desenvolvemento dos servizos sociais.

O Plan Concertado púxose en marcha no ano 1988 precisamente para promocionar os servizos sociais das corporacións locais. Está co-financiado polo Estado, Xunta de Galicia e evidentemente polos propios concellos. Dalgunha maneira é o xeito de conseguir en materia social a igualdade de oportunidades entre as persoas. Axuda fundamentalmente a subvencionar o Servizo de Axuda a Domicilio, tamén axuda a financiar algo do persoal do Concello e antes axudaba a subvencionar unha serie de plans como os programas para persoas con discapacidade, para persoas maiores, etc. Digo antes porque agora co Partido Popular retirouse.

A evolución da contía remitida pola Xunta de Galicia para financiar o Plan Concertado reflicte dalgún xeito como foi evolucionando e é un paradigma do que significan os servizos sociais para o Partido Popular.

Eu tomeime a molestia de recoller como foi ó longo de todos estes anos o financiamento do Plan Concertado. Por empezar por algún ano, entre o ano 2001 e o 2006 empezamos con 500.000 do ano 2001 e no ano 2005 tiñamos 586.000, é dicir, non aumentou nada entre os anos 2001 e 2005. Entre o 2005 e o 2009 o Plan

Concertado aumentou un 300%, pasando de 576.000 a exactamente 1.776.000 no ano 2009.

O que se ve é que o que puidemos incrementar en moitos aspectos os concellos a nivel de servizos sociais, tamén foi por ese apoio que tivemos ó longo do mandato do goberno do Partido Socialista e do BNG na Xunta de Galicia, sobre todo con este Plan que viña de Vicepresidencia. Tivemos un grande apoio que serviu para incrementar as prestacións coma a do Servizo de Axuda de Domicilio e outras.

O que nós agardamos con este pedimento de subvención é que se incremente o Plan Concertado e que nos dean o que pedimos. Ata o ano anterior en que se conxelou obtivémolo.

Os pedimentos de Dependencia, os do Servizo de Axuda a Domicilio aumentan e o Plan Concertado conxelouse xa o ano pasado e sabemos que vai ser conxelado este ano. Agardamos polo tanto que se nos dea a subvención que estamos a pedir.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Dende o ano 2009 ata o ano 2011 incluído, as axudas non se conxelaron, houbo un aumento dun 20%. Mentres dende o goberno central houbo unha redución no orzamento para servizos sociais dun 12% de axuda ós concellos e ás comunidades autónomas. Así que o esforzo da Xunta de Galicia con este incremento dun 20% coidamos que o hai que salientar.

Comentaba vostede que o ano pasado houbo unha conxelación no orzamento do Plan Concertado. Tampouco é certo porque o ano 2009 houbo un orzamento de 1.704.000 euros e no ano 2010 foi de 1.760.000, polo tanto si que houbo un incremento do orzamento. A Xunta de Galicia está facendo unha aposta moi importante con respecto ós servizos sociais debido ós enormes recortes e á débeda do bipartito que ten que pagar, eses 2.600.000 euros que lle deixaron vostedes de débeda que se ten que devolver e, como ben di o Sr. Núñez Feijóo, non só ten o compromiso de cumprir con todas as súas obrigas sociais, senón que o aumentou na medida en que se pode.

Por iso lle digo que non asuste ós cidadáns, non utilice politicamente iso de que hai recortes, de que non se vai pagar o servizo de axuda no fogar, que non se lles vai pagar ós dependentes, porque non é certo. Houbo un incremento dun 20% e dende logo as persoas coa valoración da dependencia recoñecida van seguir con estas axudas.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Xa estamos acostumbrados a que a Sra. García veña aquí contando mentiras pero a min non me gusta entrar nesa polémica.

Efectivamente, dende o ano 2009 ao ano 2010 o Plan Concertado en Vigo medrou dun 1.704.000 a 1.760.000 euros, exactamente un 3,7%. En catro anos da Xunta co goberno bipartito medrara de 500.000 a 1.700.000 euros, un 190%. Neste ano, que é cando máis dependentes temos, medrou exactamente un 3,7%. En troques, este Concello foi quen de pasar de 129 persoas que tiñamos con dependencia no ano 2009, a ter 300 persoas con dependencia no Servizo de Axuda a Domicilio no ano 2010. Tamén fomos quen de soste a 400 persoas con libre concorrencia no Servizo de Axuda a Domicilio. Iso significa que temos 750 persoas cun plan que aumentou un 3,7%.

Por outra banda e como dicíamos antes, o Plan Concertado tamén financia parte do que é o grupo de traballadoras e traballadores sociais e fomos quen de incrementar o persoal durante estes últimos catro anos na Concellería de Benestar Social con once traballadores e traballadores máis, tanto no grupo de auxiliares como de traballadores sociais. Ademais pasamos de dar 130.000 horas no ano 2009 a dar 203.000 no ano 2010. Todo este esforzo débese única e exclusivamente ó esforzo orzamentario que fixo este Concello que foi quen de dar os servizos que demandaba a cidadanía.

A Sra. García falaba do Plan Concertado e comentaba que o Sr. Núñez Feijóo está a facer o que pode dentro dos servizos sociais. Se se lle chama “o que pode” a que un de cada tres dependentes galegos estea sen recoñecer logo de estaren dous anos na Xunta, realmente non coidamos que esta sexa para nada unha xestión eficiente do que é a dependencia, nin do que son os servizos sociais nunha comunidade que gracias ó goberno anterior, ó goberno bipartito, puxo en marcha unha Dependencia efectivamente custosa pero que é necesario manter e apostar por ela e non por outras cousas polas que está a apostar a Xunta de Galicia.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se formularon

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, toda a Corporación e máis os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (85).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DOS AFECTADOS POR HIPOTECAS. EXPTE. 180/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de abril de 2011, número 180/1101, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“O estoupido da crise económica e o incremento do desemprego abocaron a unha delicada situación a miles de persoas que accederon a unha vivenda en propiedade durante o período de bonanza económica a través de préstamos hipotecarios.

Nestes momentos, a perda de emprego e tamén o deterioro do poder adquisitivo de moitas persoas con emprego, motivados pola persistencia da crise, están a facer aflorar as enormes dificultades que atravesan moitas familias para afrontar os vencementos dos créditos hipotecarios, e con iso a obriga de abandonar a súa vivenda, perdendo así o seu dereito a gozar dunha vivenda digna.

A iso únese que, aínda entregando a vivenda como pago da débeda contraída, non se produce o resarcimento total da mesma, ficando un saldo vivo a favor da entidade financeira que mantén a reclamación do pago pendente sobre outros bens das persoas que xa perderon a vivenda.

Esta situación ten orixe no excesivo valor atinxido por moitas vivendas, ao que contribuíu, impulsada polas institucións financeiras, a política expansiva de concesión dos créditos hipotecarios, intimamente relacionada coa burbulla inmobiliaria. Dun xeito parello ao medre exponencial do prezo da vivenda, tamén se relaxaban as facilidades coas que as entidades financeiras -obsesionadas en obter altos beneficios no curto prazo- taxaron os inmóbeis, que sufriron un descenso inmediato desde a irrupción da crise económica.

Esta delicada situación esixe a adopción de medidas con carácter inminente, pois afecta a un dereito social recoñecido constitucionalmente como é o acceso a unha vivenda digna. Até o momento, o Goberno do Estado púxose de lado das entidades

financeiras ao mostrar a súa pasividade malia o aumento das execucións hipotecarias. Así mesmo, a Xunta de Galicia, consonte ás súas competencias en materia de protección dos consumidores, consumidoras, usuarios e usuarias, non impulsou unha soa medida para atallar a situación descrita, cando as persoas afectadas teñen a condición de usuarios e usuarias de produtos financeiros.

A presente moción insta a que se avance nunha reforma da normativa civil, hipotecaria e procesual que permita ponderar adecuadamente os intereses en conflito en caso dunha execución hipotecaria, cando a persoa debedora actuou de boa fe e o inmóbel sobre o que se constituíu a garantía hipotecaria constitúe a vivenda habitual, de xeito que existan causas legais de oposición que poidan ser valoradas polos Xulgados en función da situación económica e social da persoa debedora, non só en relación á posición de privilexio do acredor, para evitar con iso que á profunda falta de ingresos de moitas economías domésticas que lles impide levar un nivel de vida digna, se xunte a perda da vivenda habitual.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Solicitar da Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado a

Primeiro.- Impulsar unha reforma legislativa en materia civil, hipotecaria e procesual dirixida a protexer ás persoas cuxa vivenda hipotecada é residencia habitual, que contemple:

- a) Admitir a dación en pagamento como cancelación da totalidade da débeda hipotecaria.
- b) Posibilitar que nos procesos xudiciais de execución hipotecaria, existan mecanismos de oposición a favor das persoas debedoras que conduza a unha moratoria no pago dos prazos pactados acomodándoos á situación económica da persoa debedora, á transformación nun contrato de arrendamento con opción a compra ou á condonación parcial da débeda.

Segundo.- Vincular calquera axuda pública ás entidades financeiras a aceptaren un Código de Conduta sobre execucións hipotecarias onde se comprometan a negociar coas persoas debedoras que atravesan dificultades económicas e destinan o inmóbel a residencia habitual, unha moratoria no pago da débeda axustándoa á evolución da situación económica.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 15 de abril de 2011, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Presentamos hoxe esta moción na defensa das persoas afectadas polas hipotecas dada a situación actual de crise económica e financeira que está tendo como consecuencia un elevado número de execucións hipotecarias pola imposibilidade de moitas persoas de facer fronte ás débedas

adquiridas coas entidades bancarias, polas hipotecas para adquirir unha vivenda. De feito e segundo os datos, dende o inicio da crise en Galicia as execucións hipotecarias triplicáronse con respecto a períodos anteriores. Este estoupido da crise e este incremento do desemprego que a acompañou, provocoulles unha delicada situación a milleiros de persoas que no seu momento accederon a unha vivenda en propiedade no noso país durante un período de bonanza económica, a través de préstamos hipotecarios que se podían asinar con moitas facilidades que evidentemente agora xa non existen.

Agora mesmo nos atopamos cunha situación en moitos casos de perda de emprego, deterioro do poder adquisitivo de moitas persoas con emprego que tamén viron reducidos os seus salarios ou sufriron unha perda de dereitos laborais, ademais nunha situación na que a crise é persistente e que non parece ter unha solución, unha saída a curto prazo.

Por iso hai enormes dificultades para moitas familias do noso país que non son quen de afrontar os vencementos dos créditos hipotecarios e polo tanto se ven na obriga de abandonar a súa vivenda, perdendo o dereito a gozar dunha vivenda digna que, como todos e todas sabemos, é un dereito recoñecido pola propia Constitución española.

A todo o anterior engádeselle outra situación que aínda agrava os problemas destas familias porque aínda entregando a vivenda como pagamento da débeda contraída coa entidade bancaria, non se produce o resarcimento total da débeda, senón que queda un saldo vivo de débeda a favor da entidade financeira que mantén a reclamación de pagamento pendente sobre outros bens das persoas que xa perderon a vivenda.

Esta situación ten ademais unha orixe no excesivo valor que atinxiron ás vivendas no seu momento, evidentemente impulsada polas propias entidades financeiras que agora executan as hipotecas, porque esa política expansiva de concesión dos créditos hipotecarios que se produciu no seu momento, que estaba intimamente relacionada coa burbulla inmobiliaria, provocou esa contratación de hipotecas nestas condicións. Produciuse polo tanto ó mesmo tempo un aumento do prezo da vivenda e unha relaxación nas facilidades coas que as entidades financeiras taxaron os inmobles porque había unha obsesión por parte das entidades financeiras en obter altos beneficios no curto prazo e a taxación dos inmobles era moito máis

elevada do que correspondía. Logo, cando sufriron o descenso inmediato dende a irrupción da crise económica, é cando se produce este desfase que ó final están pagando as familias que perden a súa vivenda e vense obrigadas aínda a facer fronte a unha débeda cos bancos ou caixas.

Esta delicada situación de agora mesmo o que esixe son medidas de carácter inminente e urxente para solucionar xa a situación destas familias que están nunha situación moi complicada.

Ata o momento hai que recoñecer que todas as medidas que se tomaron por parte do goberno do Estado foron para se poñer da banda das entidades financeiras mostrando pasividade malia o aumento das execucións hipotecarias.

Ó mesmo tempo a Xunta de Galicia, consonte ás súas competencias en materia de protección dos consumidores e das consumidoras, tampouco impulsou medidas polo momento para atallar a situación da que estamos falando, cando as persoas afectadas teñan a condición de usuarios e usuarias e polo tanto corresponde tamén á Xunta de Galicia tomar medidas con respecto ós seus dereitos e de momento tampouco se tomou ningunha.

Presentamos esta moción que o que pretende é que se avance na reforma da normativa civil. Solicita impulsar unha reforma lexislativa en materia civil, hipotecaria e procesual dirixida a protexer ás persoas coa súa vivenda ou residencia habitual hipotecada, contemplando a dación en pagamento como cancelación da débeda, posibilitando nos procesos xudiciais mecanismos para obter moratorias no pagamento. Tamén solicitamos vincular calquera axuda pública ás entidades financeiras a aceptar un código de conduta con respecto ás execucións hipotecarias para evitar estas situacións dramáticas que estamos vivindo.

SR. LÓPEZ FONT: É evidente que nos atopamos nunha situación de crise económica mundial, unha crise como non se lembra outra e que está afectando de xeito xeneralizado a todos os países. escoitando determinados discursos semella que só afecta á situación do Estado español pero estamos diante dunha crise mundial que cando tivo o seu reflexo no emprego foi cando afectou ás capas máis vulnerables da sociedade e foi cando realmente esta crise adquiriu uns aspectos máis dramáticos. Está claro que esta situación de crise mundial xeneralizada afecta moito á economía familiar dos nosos cidadáns.

Evidentemente a vivenda é un ben importante dentro da economía familiar, un ben ó que os cidadáns destinan gran parte do seu salario mensual e que en anos anteriores se produciu ese *boom* inmobiliario do que xa falamos en ocasións no que era fácil acceder a unha vivenda e nisto cremos que hai que aceptar a co-responsabilidade de todos, tamén do sector bancario que ten parte de responsabilidade á hora de facilitaren créditos, de facilitaren unha situación que ó mellor se tería que ter previsto moito mellor. O pagamento da vivenda constitúe unha gran parte do salario e cando os cidadáns caen nunha situación de desemprego, se producen dramas familiares e persoais por non poderen atender ó pagamento da vivenda. Polo tanto a conxunción de non teren emprego, de veren reducido o salario aínda que se teñan prestacións sociais e non poderen abordar o pagamento da vivenda coloca ás familias nunha situación de certo dramatismo.

Nós somos partidarios de impedir estas situacións, de que todos colaborem para que este afundimento económico das familias non se produza e é evidente que se deben adoptar medidas como as que se propoñen na moción. Para o noso Grupo municipal, estando a favor dun pronunciamento na defensa de que se modifique a normativa civil, hipotecaria e procesual, queremos facer ese chamamento, ter ese posicionamento en favor dos que o están pasando peor.

O alcalde de Vigo está na Executiva da Federación Española de Municipios e Provincias quen, tamén consciente deste problema, resolveu o posicionamento a favor dos cidadáns que se atopan nesta situación e así llo trasladou ó goberno de España.

Cremos que é no marco dunha reforma lexislativa onde se deben abordar estas situacións e polo tanto, solidarizándonos coas persoas que están nesa situación, comprendendo o problema que isto significa na economía familiar, si estamos a favor e si cremos que se debe abordar dun xeito conxunto e proceder a unha reforma lexislativa. Entendemos que debe ser o Lexislativo quen decida sobre este aspecto e que somos as administracións competentes, como está facendo o Concello de Vigo, en políticas activas de creación de emprego, de axudas sociais para os que en peor situación económica se atopan, tamén como unha forma de paliar a crise. Pero é evidente que foi ese *boom* inmobiliario o que levou á situación de deriva económica no seu conxunto, de desemprego xeneralizado en toda España e no mundo e á situación de encarecemento das hipotecas.

Dende aquí facemos un chamamento porque coido que é o momento de que todos os sectores sociais arrimemos o ombro en favor das persoas que peor o pasan coa crise porque na maioría das ocasións están pagando a crise os que non a crearon. Este Grupo municipal Socialista e o alcalde coa súa tarefa diaria na procura da creación de emprego estando a favor dos que se atopan en peor situación, cremos que se deben tomar estas medidas.

Apoiaremos esta moción. Nós tiñamos pendente presentar unha pero ó veren presentada esta desistimos. Anunciamos polo tanto o noso apoio a esta moción.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O Partido Popular vai presentar unha emenda que recolle o texto do aprobado polos tres Grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia, emenda na que se di: “O Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a reclamar do goberno do Estado a promoción das reformas legais precisas para que, como regra xeral e para debedores de boa fe, coa entrega do inmovible se considere saldada a débeda hipotecaria na súa integridade cando aquel constituíse a vivenda habitual e única do debedor”. Este foi o acordo unánime dos tres Grupos políticos a nivel galego e polo tanto é a que presentamos para que se aprobe, tamén para manter a unidade de criterio entre os partidos políticos aquí e en Santiago.

Hai que ter en conta que neste tema das hipotecas trátase sinxelamente dunha garantía real. Hai garantías de natureza persoal como a fianza e de natureza real como as hipotecas e a prenda. A hipoteca é un dereito real limitado de realización de valor, accesorio de outro que é a débeda e o problema está aí. A débeda, de acordo co noso sistema, o art. 1911 do Código Civil sinala que “Do cumprimento das súas obrigas responde o debedor con todos os seus bens presentes e futuros”. Se un xulgado condena a alguén a pagar unha cantidade a outro, non responde unicamente co patrimonio que ten actualmente, senón co patrimonio que terá no futuro, evidentemente cun prazo de prescrición de quince anos.

Esta situación que funcionou dende hai moitos anos en España, sen embargo se viu alterada como consecuencia da crise, crise que algúns negaron e aínda que o Sr. López Font diga que é mundial non é certo. Datos de Eurostat: O paro en España é o dobre que na media de Europa. En Holanda está no 4,3, en Italia no 8,6, en Francia no 9, en Alemaña no 6,5. En España no 20%. Polo tanto non é igual para todos, non todos reaccionaron diante da situación de crise. É certo que era unha crise mundial

pero algúns se tomaron un gran descanso o que orixinou que España estea a cabeza do paro en Europa, aí están os datos de Eurostat e iso non é consecuencia do “mal fario” dos españois, senón consecuencia dun mal goberno que non soubo xestionar esta crise.

Isto ponse de manifesto nas execucións hipotecarias. No ano 2004, gobernando o Partido Popular as execucións hipotecarias en España non chegaban a 18.000 e agora están en case 93.000.

A situación ven derivada da crise pero tamén de dous factores dos que aquí se comentou un: a sobretaxación sobre a valoración dos inmobles e ata agora ninguén lle pediu responsabilidades ás empresas de taxación, moitas veces vinculadas con entidades bancarias.

En segundo lugar está a concesión de préstamos por riba do 100% do valor da hipoteca. É certo que isto se modificou ultimamente e a Lei do mercado hipotecario estableceu unha limitación para os préstamos hipotecarios do 60 ou do 80%, segundo o tipo de adquisición de vivenda que se trate, se é para construción de vivenda chega mesmo ata o 80%. Pero iso se podería ter adoptado xa hai bastantes anos.

En canto á situación, evidentemente fan falla modificacións legislativas. O Partido Popular pediu a creación dunha subcomisión no Congreso dos Deputados que é quen ten a competencia tanto na Lei Hipotecaria, no Código Civil e como na Lei de Axuizamento Civil, pero é certo tamén que Rodríguez Zapatero, cando se lle preguntou por esta situación respondeu que dar a casa pola hipoteca arrisca a solvencia: “A dación en pago poría en perigo a banca”. Iso é o que aparece nos medios de comunicación respecto da postura do secretario xeral do Partido Socialista que se opoñía a esta idea.

Hai que analizar que por unha banda a propia Lei Hipotecaria contempla a posibilidade de hipotecas limitadas. O art. 140 da Lei Hipotecaria contempla que unicamente se responda co ben dado en garantía. En segundo lugar, que o problema do mercado hipotecario non son as débedas de particulares, sono as débedas dos promotores. A morosidade das débedas de particulares non acada o 2,5% e as débedas de promotores acadan o 12% de morosidade.

En terceiro lugar o sistema de execución hipotecaria é moi mellorable, adxudícanse vivendas por un prezo inferior ó valor de mercado, mesmo se pode dar un

enriquecemento inxusto cando as recibe o banco e logo as vende por un prezo superior ó que se lle adxudicou. Polo tanto, modificación do sistema de execución a través dunha maior publicidade, mesmo aproveitándose do sistema de publicidade a través da web para garantir a concorrencia de moitas persoas que acudan ás poxas.

En cuarto lugar é certo que existe un risco quizais non ponderado pola banca nalgúns préstamos a particulares, pero o certo é que é algo moito máis grave dende o punto de vista cuantitativo os préstamos concedidos a promotores inmobiliarios que foron a terceira parte de todo o diñeiro prestado polas entidades financeiras españolas e tendo en conta que a estas entidades, sociedades mercantís e sociedades anónimas e limitadas, non se lles aplica o principio de responsabilidade patrimonial universal porque non teñen máis patrimonio que o que ten esa sociedade.

En quinto lugar a diferenza dos particulares que moitas veces ou case nunca son escoitados polas entidades bancarias, en troques cos promotores chegouse a acordos de re-financiamento, é máis, admítese a nivel lexislativo. Un Real decreto lei do ano 2009 que aprobou o Partido Socialista admitiu eses cambios de re-financiamento para as grandes empresas pero non para os particulares, por certo apoiado polo Bloque no Congreso dos Deputados.

Por tanto dende o Partido Popular presentamos esta emenda tendo en conta que fai falla unha modificación dos textos lexislativos.

SRA. VELOSO RÍOS: O texto da emenda efectivamente é o acordo unánime no Parlamento Galego que nos fai pensar que ademais todo o mundo estamos de acordo en que son necesarias estas medidas e por iso nesta moción quixemos ir un pouco máis aló e facer unhas propostas máis concretas...

Neste intre, sendo as nove horas e sete minutos, prodúcese unha alteración da orde no salón de Plenos por voces proferidas por un grupo de persoas do colectivo de limpeza dos colexios públicos. Logo de pedir silencio en varias ocasións, a Presidencia manifesta que se suspende a sesión e dá as ordes oportunas para ó desaloxo das persoas que están a interromper o normal funcionamento do Pleno.

Continúase a sesión ás nove horas e doce minutos.

A PRESIDENCIA: Restablecida a normalidade para poder seguir co Pleno, continuamos coa intervención da Sra. Veloso Ríos. Quédalle aproximadamente minuto e medio da súa intervención.

SRA. VELOSO RÍOS: O Sr. López-Chaves proponnos toda unha batería de medidas que, como moi ben explicou, se podían ter tomado hai tempo. Foi unha mágoa que o Partido Popular cando gobernaba no Estado español con maioría absoluta non as tomase porque poderíamos ter previsto esta situación.

Chegou a crise económica e financeira que efectivamente non só a España, o mundo non se limita a Francia e a Alemaña, tamén hai máis mundo, non é un problema de España e tampouco podemos dicir que vivamos nunha burbulla. Tampouco en Galicia, onde por certo o paro aumenta superando a media do resto do Estado español. Tamén será responsabilidade de alguén.

Agora o que propoñemos é unha serie de medidas inmediatas para estas persoas que se están achegando ós servizos sociais deste Concello, por exemplo porque se quedan sen casa e a vivenda é máis ca un ben importante para a familia, é un dereito para as persoas. Quedan sen casa e sen recursos.

Nós o que estamos propoñendo e de feito tamén o comentou o Sr. López-Chaves, é que ademais as entidades financeiras teñan que asumir tamén responsabilidades nas execucións hipotecarias. Entón, ademais de nos limitar a solicitar que se admita a dación en pagamento como cancelación da totalidade da débeda hipotecaria, queremos tamén que se posibilite nos procesos xudiciais que haxa mecanismos para conducir a moratorias no pagamento dos prazos pactados para dar solución inmediata ás persoas que agora se ven afectadas por estas situacións e que calquera axuda pública ás entidades financeiras estea vinculada á aceptación dun código de conduta sobre execucións hipotecarias, que é algo que tamén está nas nosas mans.

Son medidas inmediatas e urxentes para dar solucións ás persoas afectadas agora mesmo por esta situación e que non son incompatibles con outras medidas que se poidan tomar a nivel lexislativo, tanto no Parlamento de Galicia por parte da Xunta

de Galicia, como no Congreso dos Deputados por parte do goberno do Estado.
Por todo iso mantemos a moción orixinal.

Emenda de substitución presentada durante o curso do debate, en escrito de data 25 de abril, polo concelleiro do grupo Municipal Popular, Sr. Ignacio López-Chaves Castro:

“O concello de Vigo insta á Xunta a reclamar do goberno do Estado a promoción das reformas legais precisas para que, como regra xeral e para debedores de boa fe, coa entrega do inmovible se considere saldada a débeda hipotecaria na súa integridade, cando aquel constituíse a vivenda habitual e única do debedor”.

Ao non seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Méndez Piñeiro, a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do grupo Municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, en defensa das persoas afectadas polas hipotecas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.- (86).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE EMPREGO NA NOSA CIDADE. EXPTE. 178/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no rexistro do Pleno do 11 de abril de 2011, número 178/1101, o concelleiro do Grupo Municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“O Goberno do PP presidido polo Sr. Núñez Feijóo na Xunta de Galicia, tras dous anos de Goberno constátase unha paralización total, sendo esta máis notoria nos investimentos e nas políticas activas de emprego.

Estas son prioritarias para a mellora da economía e o emprego.

O Alcalde de Vigo, Abel Caballero, leva incentivando os investimentos do Goberno do Estado e as políticas de emprego municipais, creando máis de 11.000 postos de traballo. Xa en maio creará 200 novos postos de traballo nos programas de emprego do Concello. Ademais da baixada de impostos municipais para incentivar a contratación e rebaixar o paro.

Pola contra o Sr. Núñez Feijóo e o PP, non atenden aos parados/as de Vigo, miran para outro lado e isto ten que cambiar. O Sr. Feijóo e o PP teñen que asumir a súa responsabilidade cós parados de Vigo.

Por todo o anterior, propónse o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a posta en marcha dun plan de emprego consensuado có Concello de Vigo para a creación de emprego na nosa cidade.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 15 de abril, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Temos que traer aquí unha vez máis unha proposta para que se atenda ós parados de Vigo.

O goberno do Partido Popular que preside Feijóo na Xunta de Galicia leva dous anos gobernando e o que están a constatar os cidadáns é que hai unha parálise total neste goberno, fundamentalmente en dúas áreas moi importantes como son as áreas de investimentos e as de políticas activas de emprego. Estas son áreas prioritarias para a mellora da economía e tamén do emprego.

Pola contra, na cidade de Vigo o noso alcalde Abel Caballero, leva impulsando medidas para favorecer a economía e o emprego que conseguiron que nestes catro anos se crearan máis de 11.000 postos de traballo. Xa en maio deste ano se crearán 200 novos postos de traballo a través do Programa UTIL. Pero non só iso, todo isto ven acompañado coa baixada de impostos cara favorecer que as nosas empresas, os nosos emprendedores poidan sortear de mellor maneira esta crise e manter ou no seu caso incrementar o emprego.

Pola contra vemos que o Partido Popular e Feijóo non atenden ós parados de Galicia e moito menos ós desempregados de Vigo. Miran cara outro lado, din que non teñen

competencias, non queren que os traballadores estean formados. Por iso dende este Pleno témoslle que dicir que ten que cambiar esta actitude. Ten que cambiar porque se o Partido Popular e Feijóo non saben facer políticas para a creación de emprego e para a mellora da economía, que non se preocupen que nós lles damos ideas. O problema é que dá a impresión de que non queren e que como sempre o que poñen son cortinas de fume.

Quero lembrar aquí unha vez máis, señores do Partido Popular, que Feijóo e o Partido Popular se comprometeron hai dous anos a que en corenta e cinco días remataban coa crise na nosa comunidade e remataban co paro. Pois ben, dous anos despois a realidade é moi teimuda, en Galicia hai 40.000 parados máis só en dous anos como resultado das políticas do Partido Popular.

Ademais esta falla de atención á economía e ó emprego o que está a provocar é que as mulleres sexan as primeiras en perder o emprego. Co goberno bipartito estabamos por riba da media do Estado en emprego feminino, en 4,7 puntos; hoxe estamos por debaixo da media estatal. Pero tamén no emprego da mocidade porque co goberno bipartito un de cada tres mozos tiña emprego e agora só o ten un de cada catro.

Onde está a austeridade? Poderíamos ver algún investimento dado o incremento tan brutal do endebedamento que ten a comunidade galega. Hai un incremento de 2.300 millóns só nestes dous anos, un incremento de débeda que non se ve reflectido nin na economía, nin no emprego. Non sabemos onde van estes cartos pero o certo é que os vigueses e as viguesas con Feijóo e co PP estamos cada día máis endebedados.

Tamén é grave que mentres que o goberno do Estado incrementa as partidas para políticas activas de emprego chegando a 360 millóns, os orzamentos propios da Xunta de Galicia as reduza nun 50%. É un escándalo.

Mentres Abel Caballero segue apoiando ós sectores estratéxicos da nosa cidade como é o sector naval. Temos que lembrar que de 347 millóns de euros a 31 de xaneiro do Fondo de Garantía Patrimonial que pon o Estado, a Xunta de Galicia pon só 45,7 millóns. Saben os traballadores e empresarios do naval que quen garante este sector estratéxico é o goberno municipal e o seu alcalde, Abel Caballero.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non estou disposto e non o vou facer xamais, menos

nunha situación como a actual, a frivolar sobre estes temas económicos, nin eu nin o BNG.

Na moción anterior falouse claramente de dramas persoais e familiares. Nós, que estamos todos os días en contacto coa xente, sabemos que os dramas familiares chegan mesmo a familias que con absoluta desesperación teñen que recorrer a pedir cartos ós seus achegados e ós seus amigos para chegar a fin de mes; absoluta desesperación que fai que algunhas familias se vexan obrigadas a sacar o seu pai ou a súa nai, maiores e enfermos, dunha residencia para poder contribuír coa súa pensión a chegar a fin de mes.

Diante destes dramas familiares, desta situación de crise, nós non estamos dispostos a frivolar nin con datos, nin con cifras. Non estamos dispostos a que os parados sexan duns ou doutros porque nos temos que meter na cabeza que todos e todas temos responsabilidade sobre o que está a pasar, uns máis e outros menos, pero todos e todas e polo menos o mínimo que poderíamos facer sería precisamente poñer enriba da mesa ideas prácticas, iniciativas que todos estiveramos dispostos a apoiar polo ben desas familias e para solucionar estes dramas.

Porque frivolar, señores do Partido Popular, é rir da xente de Vigo, dos parados e paradas vigueses e viguesas, que a un mes das eleccións chegue o presidente da Xunta a dicir que ten mil millóns de euros para investir en Vigo. Por que non os investiu antes? Onde están eses mil millóns que dixo o outro día que ía investir en Vigo? Iso é rirse, burlarse dos homes e mulleres desta cidade que o están a pasar mal.

É certo que nin unha soa medida, nin un só movemento de querer chegar ó diálogo social cos axentes sociais, cos axentes sindicais, cos representantes dos traballadores e traballadoras, cos representantes políticos; nin un só movemento do Partido Popular para poñer enriba da mesa algunha medida contra a crise económica ou algunha medida para xerar emprego. Pola contra, as medidas do Partido Popular son recortes de servizos sociais, privatización dos servizos públicos, recortes nas medidas proteccionistas para as familias e para os sectores máis desfavorecidos. En definitiva nada de nada.

Cando aquí se fala da pouca ou da nula acción que a Xunta de Galicia fai sobre o emprego e sobre a economía viguesa, vostedes botan balóns fóra e bótanlle a culpa

a Zapatero, que si que tamén a ten pero aquí estamos falando nestes momentos da Xunta de Galicia e dun goberno galego que ten un récord absoluto en parados e paradas neste país, tamén nesta cidade e nesta comarca.

Agora iso si, búscanlle vostedes a culpa a non sei quen porque os comercios pechan, din que é culpa de que non existe un concelleiro de Comercio. Sen embargo logo todo o Partido Popular aplaude a rabiarse as instalacións de grandes áreas comerciais que o que traen é precisamente o peche deses comercios.

Non falan vostedes nada das empresas que están hoxe, cada día máis, tendo que ir a EREs prexudicando ós traballadores e traballadoras.

Exemplos das súas medidas económicas? Un só: vostedes botan abaixo un concurso eólico que era absolutamente legal e fan que 20.000 postos de traballo se perdan precisamente por unha única fin electoral que vostedes teñen.

En definitiva, entre as medidas do goberno estatal do Sr. Zapatero e a inacción absoluta do goberno do Partido Popular o que a cidadanía nos pide son propostas e ideas enriba da mesa.

Deixen xa de frivolar cunha cuestión tan seria como é o mantemento e a creación de emprego, a atención e o parapeto social que temos que dar dende as administracións para que eses dramas familiares non ocorran.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Señores do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, dígollo unha e outra vez que dende hai uns meses presentan estas mocións intentando confundir e manipular, xa que por moito que se esforcen na súa estratexia de botar a culpa ó Partido Popular do paro, todo o mundo sabe que o que nos levou á ruína económica ós vigueses e ás viguesas son as políticas socialistas e os bandazos dos señores Zapatero e Caballero. O que deberían facer é admitir o seu fracaso, asumir a súa responsabilidade e non lle botar a culpa ós demais. Non se decatan de que os cidadáns saben distinguir? De que non son parvos?

A propósito dos corenta e cinco días, unha mentira repetida mil veces sempre será mentira e por iso lle insisto en que nos traia algún recorte de prensa ou algún entrecomiñado no que Feijóo dixera tal cousa.

Non imos permitir que o Partido Socialista intente dar leccións de como crear emprego ó Partido Popular porque todo o mundo sabe que cando gobernou o Partido Popular a taxa de paro estaba no 22% e deixouna no 11%. O Partido Popular creou

entre 1996 e 2004 cinco millóns de postos de traballo. O que crearon os socialistas co apoio dos nacionalistas votando os orzamentos en Madrid nestes sete anos, de 2004 a 2011, foron nada menos que cinco millóns de parados. En Vigo aconteceu o mesmo, vostedes herdaron de Corina Porro unha taxa de paro do 9% e en Vigo está próxima ó 20%.

Que pretenden? Confundir? Enganar? Se vostedes nos prometeron o pleno emprego, como se atreven agora a falar de paro se Caballero é o alcalde do paro? Dende que Caballero é alcalde o paro subiu en Vigo un 76%. Como se atreven a falar de emprego se agora en Vigo hai 32.000 persoas que queren traballar e que se erguen cada mañá e non o poden facer, moitos deles mozos, os mellores preparados da historia que se teñen que ir de Vigo, teñen que emigrar non só de Vigo senón de España; teñen que buscar o traballo fóra porque aquí non atopan un futuro porque en España a taxa de paro é o dobre da media europea. En Alemaña hai un 6% de paro, na media de Europa non chega ó 10% de paro, pero en España hai cinco millóns de parados. Ademais temos unha inflación do 60% por riba da media europea. Por esa razón é a primeira vez na historia que as novas xeracións van vivir peor que os seus pais, aínda que ó mellor iso a vostedes non lles importa. Estase falando agora de que hai risco en España pero a vostedes os socialistas quen os veu e quen os ve, antes ían Rodiezmo erguer o puño e que lles aconsellara Cándido Méndez e agora van a reunións en Moncloa con moita moqueta e coas corenta fortunas do país e quen os aconsella é Emilio Botín. De Cándido Méndez a Emilio Botín, esa é a diferenza.

Saben por que Vigo é a cidade con máis paro de Galicia? Sra. López Atrio, estou de acordo con vostede cando di que Abel Caballero fala moito de educación pero non a valora. O mesmo pásalle co emprego, fala moito de emprego pero non o valora porque reduciu un 20% o orzamento en materia de emprego, porque só destina o 1% do orzamento municipal a materia de emprego, porque pecha os servizos fundamentais para a inserción laboral como o Servizo de Orientación Laboral e o Servizo de Atención ó Emprendedor, porque non se gasta o diñeiro que lle manda a Xunta de Galicia para executar políticas de emprego. En 2009 deixaron sen executar 800.000 euros e en 2010, coma acabamos de ver na execución do orzamento, trescentos millóns de pesetas sen executar. Para que piden máis cartos se non os saben executar?

Agora os socialistas xa non enganan a ninguén, caéuselles a careta. Levámoslos escoitando moito tempo pero pronto van falar os cidadáns. Vostedes sigan repartindo coxíns.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Vaia papeleta a do PP e a do Sr. Fidalgo. Na nosa moción nós pedimos “Instar á Xunta de Galicia a posta en marcha dun plan de emprego consensuado co Concello de Vigo para a creación de emprego na nosa cidade”. Tea mariñeira co que acaba de responder o Sr. Fidalgo. Ademais teñen a desvergoña de meter unha emenda que di: “Instar ó alcalde de Vigo e o presidente Zapatero a cumprir a súa promesa electoral de pleno emprego en Vigo”. E vostedes, para que están gobernando en Galicia? Para que aumenten as listas de espera na Sanidade? Para reducir os orzamentos para emprego? Para que vaia peor a nosa economía? Para que están gobernando vostedes? Ou é que non están gobernando na Xunta de Galicia? A ver se non van ter competencias na Xunta de Galicia.

Os que pretenden confundir son vostedes. Con Feijóo hai corenta mil parados máis en Galicia. Isto vai cara a ruína e o exemplo téñeno vostedes coa súa candidata cando falan de emprego e da autopista do mar porque ela fixo que se deixaran de ingresar aquí 105 millóns de euros e se deixaran de crear 2.975 postos de traballo directos e indirectos no Porto. Onde está a política de emprego e a política económica de Porro e do PP? No despacho do Areal, nas cadeiras, nas mesas e no luxo do despacho do Areal.

Vostede falou de Cándido Méndez, esta é unha persoa responsable e austera que dedicou toda a súa vida na defensa dos traballadores, austera como o noso alcalde Abel Caballero, responsable e defensora dos traballadores como o é o noso alcalde Abel Caballero. Polo tanto non mencionen a certas persoas cando vostedes as denigran todos os días, cando o Partido Popular está a pedir que desaparezan os sindicatos.

Por se non se decatan, dígolles que o noso alcalde fixo posible co Ministerio de Industria que o noso sector do automóbil teña as maiores axudas de toda España, outro sector estratéxico máis, 160,7 millóns para que se poida seguir co emprego, non só mantelo, senón crear emprego na nosa cidade. Se Abel Caballero non fixera toda esta política en Vigo habería once mil parados máis, mentres vostedes o único que fan é dedicarse a botarlle a culpa ós outros. Antes Feijóo andaba por España

adiante por veren se substituía a Rajoy, agora xa anda por Portugal, parece ser que ós da dereita en Portugal non lles vai moi ben tampouco, a ver se pode ter un oco alí.

Asuman as súas responsabilidades con Vigo, cos vigueses e voten esta moción para que haxa un plan de emprego en Vigo para todos.

Emenda de substitución presentada durante o curso do debate, por escrito de data 25 de abril de 2011, polo concelleiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Fidalgo Iglesias:

“Instar ao Alcalde de Vigo e ao Presidente Zapatero a cumprir a súa promesa electoral de pleno emprego en Vigo.”

Ao non seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Rodríguez Díaz, a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, instando á Xunta de Galicia a posta en marcha dun plan de emprego consensuado co Concello de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3.- (87).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E A

DEPUTACIÓN PROVINCIAL UN PLAN DE INVESTIMENTOS PARA HUMANIZACIÓN DE RÚAS. EXPTE. 179/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no rexistro do Pleno do 12 de abril de 2011, número 179/1101, o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“O goberno de Abel Caballero, en tres anos, humanizou mais de 250 rúas en resposta ás peticións dos cidadáns.

Esta política de humanizacións transformou a cidade e realizouse, exclusivamente, con investimentos propios e as achegas do Goberno de España.

As administracións gobernadas polo PP, Xunta e Deputación de Pontevedra, fixeron caso omiso ás peticións do Alcalde.

Os cidadáns que aínda non teñen humanizada a súa rúa reclámanos.

Por todo isto, solicítase a adopción do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a acordar co Concello de Vigo, un plan de investimentos para humanizar rúas na cidade de Vigo.

2º.- Instar á Deputación Provincial de Pontevedra a acordar co Concello de Vigo, un plan de investimentos para humanizar rúas na cidade de Vigo.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 15 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Traemos esta moción pola política que desenvolveu durante estes catro anos o Partido Popular e as administracións nas que gobernou, catro anos na Deputación provincial de Pontevedra e dous anos na Xunta de Galicia. A política deste goberno municipal concentrouse no esforzo de humanizar as rúas desta cidade. Foi un éxito, tivo a aprobación dos cidadáns porque Vigo era unha cidade deshumanizada, todos os esforzos de gobernos anteriores quedaron certamente baleiros á hora de que esta cidade tivese un trato igualitario. Polo tanto e dende o primeiro momento o alcalde, Abel Caballero, propúxose facer unha cidade igual para todos os cidadáns, a diferenza do anterior goberno da Sra. Porro no que se humanizaban unha serie de rúas no centro pero non se daban humanizacións

noutras partes da cidade, é dicir, no resto da cidade. Neste esforzo tivemos o apoio do goberno central e o apoio e a dedicación do goberno municipal con orzamento propio. A realidade está en 350 rúas humanizadas na nosa cidade. Aínda agora cando se fala de determinadas rúas humanizadas o Partido Popular fala do arrabalde, como se no arrabalde non se puideran facer as actuacións que se merecen todos os cidadáns.

Sempre mantivemos a máxima de que os vigueses fosen todos de primeira, de que non houbera diferencias entre eles. Se hoxe, en paralelo cos premios que se dan a nivel nacional e que esta cidade ten algún como o do deporte, de houberen un premio en España á cidade humanizada, ese premio sería para a cidade de Vigo e levaría a mención máis alta.

Neste esforzo de humanizar, de atender a todas as zonas da cidade, dende a Alcaldía pedíuselle á Deputación provincial de Pontevedra e á Xunta de Galicia de xeito reiterado que cumprisen os seus compromisos con esta cidade, que tratasen a esta cidade como se merece sinxelamente polo peso económico e demográfico que ten. A resposta do Partido Popular foi o sectarismo, apoiar mocións de censura noutros concellos e en calquera tema do que puidésemos falar, sexa emprego, sexa investimentos, o trato con esta cidade foi discriminatorio.

Seguimos polo tanto denunciando este castigo ó que someten a esta cidade os gobernos do Partido Popular porque facemos unha defensa do trato igualitario para a nosa cidade. Nese sentido, como xa reiteramos en outras ocasións, hai competencias que teñen as administracións gobernadas polo Partido Popular, da Xunta de Galicia e da Deputación provincial de Pontevedra. Á Xunta de Galicia correspóndenlle todas as actuacións na AG-57 Puxeiros-Val Miñor, na APO-323 Chapela-Vigo para os cidadáns de Vigo que viven entre a avenida de Galicia ata a avenida Bos Aires, correspóndelle a PO-324 Ponte de Lagares-Canido, para todos aqueles que viven dende a Ponte do Lagares en Samil ata o final de Arquitecto Gómez Román en Canido, correspóndelle a PO-325 Vigo-A Ramallosa-Ricardo Mella, a PO-330 Vigo-Vincios, a PO-331 O Porriño-Gondomar-Estrada de Zamáns, a PO-552 estrada de Camposancos e a PO-371 O Calvario-Puxeiros. Estes cidadáns á hora de establecer actuacións onde viven, sobre como se teñen que arranxar as súas rúas, para o Partido Popular e para a Xunta de Galicia son cidadáns de segunda.

O mesmo pasa coa Deputación provincial de Pontevedra. Na PO-7001 todos aqueles

que viven en Vigo, na Garrida, Martínez Garrido, rúa Ceboleira, estrada de Bembrive, estrada de Coutada, estrada de Porto, estrada da Garrida; todos estes cidadáns están sometidos ó castigo do Partido Popular por non arranxar e humanizar as súas rúas. Esta é unha política e logo me referirei a mais.

SR. ALONSO PÉREZ: Dende o BNG alegrámonos e felicitámonos de que por fin a política de humanizacións da cidade xa non sexa un tema polémico porque hai que lembrar a incompreensión que tiveron as políticas de humanización cando o BNG iniciounas en solitario nesta cidade. Afortunadamente hoxe é unha etapa superada, cousa da que nos alegramos.

Sorpréndeme que o Partido Popular semelle que non governe na Xunta de Galicia, dá a sensación de que non asumen que teñen o goberno galego. Cando falan dun problema tan importante como é o desemprego, que é o problema máis importante que ten a sociedade, miran cara outro lado e ademais na súa incompetencia xamais falan dunha soa proposta en positivo, limítanse a ver cara outro lado como se non gobernasen na Xunta de Galicia.

A esta situación de incompetencia do Partido Popular, de incapacidade para facer propostas en positivo cara o problema principal da sociedade, hai que lle engadir algo moi grave que é que nas dúas administracións nas que gobernan, na Xunta de Galicia e na Deputación, o que fan é investir naqueles gobernos onde están eles presentes, se eles non gobernan, castigo. Así vemos como a Deputación provincial no seu programa de investimento para paliar o desemprego, a Vigo o que se lle dá é cero euros. Isto é moi grave porque, á parte de non teren ideas e de seren incompetentes, logo castigan politicamente a aqueles gobernos que non son da súa cor. Pódese constatar que onde fan unha moción de censura -Gondomar, Mos e O Porriño- aumentan os investimentos a partir do cambio do goberno. Esta é realmente unha política caciquil e lamentable.

Logo acontece, como no último Pleno da Deputación, que se negan a apoiar unha proposta do BNG pola que se solicitan investimentos para un problema importante que ten a sociedade como é o dos malos tratos. Rexeitouse unha moción referente á Casa de Acollida para mulleres vítimas de malos tratos cando todas as mulleres da provincia de Pontevedra que teñen este problema están a ser atendidas na cidade de Vigo. Sen embargo votan na contra desa moción sinxelamente por esa política

caciquil que teñen de que como o goberno non coincide non hai que investir.

Coido que lle engadir á incompetencia facer política de *amiguismo* cos gobernos da mesma cor é moi grave.

Ultimamente vimos asistindo a algo que engade máis gravidade. O Partido Popular só inviste na cidade de Vigo en publicidade e ademais enganosa e así leo: “As Rías Baixas promociónanse como destino de calidade”, “Un *mundialito*, unha aposta pola integración”, “A Deputación de Pontevedra recupera as tradicións culturais coa II Mostra de Folclore”, “A Deputación de Pontevedra co deporte”, “A Deputación de Pontevedra coas escolas deportivas”, “A nova cara do fútbol na cidade”, “A Deputación, Turismo Rías Baixas...” Son quince páxinas de publicidade pagadas, iso si, están en español, en castelán. A Deputación de Pontevedra engádese á marxinalidade, a combater o galego por orde do Sr. Feijóo e iso demóstrano quince páxinas pagadas todas en español, todas en castelán; en galego ningunha. Ademais mentindo.

Incompetentes, invisten nos gobernos que son deles, gastan en publicidade e enganan ós cidadáns. Aquí falan de que fan dez campos de fútbol de herba sintética, que os constrúe a Deputación, cando resulta que son en convenio co Concello de Vigo, un millón de euros do Concello de Vigo para os nove campos de fútbol de herba sintética que din que construíron.

Creo que o Partido Popular realmente do que ten que falar é do que fai cos seus investimentos onde goberna. Castiga ós gobernos que non son da súa cor, non ten ideas e segue teimudamente facendo aquí unha política de publicidade pagada para enganar ós cidadáns. Xa está ben.

O BNG quere engadir unha emenda á moción do Partido Socialista que di: “Instar á Xunta de Galicia e á Deputación provincial de Pontevedra a acordar que no Concello de Vigo se invista en infraestruturas socio-culturais e deportivas da cidade de Vigo”.

SR. FIGUEROA VILA: A miña defensa da Deputación coido que xa a fixo o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego porque todos eses recortes de prensa que presentou son certos. Estamos potenciando o turismo dun xeito claro, somos o sétimo destino a nivel turístico nacional incrementando cinco postos cun récord histórico de máis dun millón de estancias na nosa provincia, incluída a cidade de Vigo onde temos unha colaboración magnífica de todo o sector. Só había que ver o día de onte eses

dez mil pasaxeiros de cruceiros que chegaron á cidade en catro buques transatlánticos, un acontecemento histórico na cidade que se debeu a que unha presidenta da Autoridade Portuaria puxo o que debía enriba da mesa e fixo o debido. Ampliar o porto de cruceiros, ampliar o peirao de transatlánticos, facer unha estación marítima nova malia de que todos vostedes quixeron impedilo e puxéronlle paus na roda continuamente.

Miren a diferenza, poñéndolle paus na roda fixo unha xestión extraordinaria que antonte se ratificou con dez mil persoas que visitaron esta cidade e que o ano pasado deixaron quince millóns de euros e poden deixar este ano uns vinte e dous millóns de euros aproximadamente por compras e gastos na propia cidade. A iso chámase facer xestión con catro duros.

A Deputación fixo exactamente igual pero cunha diferenza e tamén co inconveniente de que o goberno da cidade non colaborou con ela. Pedíuselle unha cesión de terreos para facer unha instalación en Navia por un importe de dous millóns e medio de euros e dixo que non. Mellor dito, o alcalde pasoullo ó tenente de alcalde, o Bloque dixo que non sei que..., porque aquí cada quen fai o que lle peta. Polo tanto o problema é que vinte e cinco millóns de euros que estaban nos orzamentos de varios anos da Deputación para investir en Navia non se puideron investir.

Pero hai máis, aínda estamos agardando a cesión do colexio alemán. Iso quérollo trasladar á opinión pública porque levamos dous anos e medio agardando a cesión dos terreos do colexio alemán para construílo, para rehabilitalo cunha cantidade de tres millóns de euros.

É dicir, entre Navia e o colexio alemán case son trinta millóns de euros que a Deputación non puido investir na cidade de Vigo. Loxicamente hai máis cousas que non se poden facer por culpa deste goberno.

Malia todo a Deputación seguiu traballando e claro que fixo os campos de fútbol, recuperou tradicións folclóricas que vostedes, que son tan progresistas, tiñan abandonadas, fixo actividades coas corais, coas bandas de música, cos grupos folclóricos, actividades con inmigrantes que vostedes os utilizan porque hai máis de catro mil inmigrantes participando nun torneo dende hai dous meses durante todas as fins de semana. Seguro que non foron a un campo de fútbol deses? Porque están totalmente ateigados de persoas que están facendo unha actividade deportiva. Diso

esquecéronse vostedes.

Voulles dar outro dato de investimento da Deputación: na cidade de Vigo nos últimos anos vinte e oito millóns de euros. Pero non lles vou explicar máis porque se non saben e non traballan na Deputación eu dende logo non vou facer o traballo por vostedes.

Con respecto á Xunta de Galicia. Claro que é difícil cando non len os orzamentos, nin len os investimentos, nin se decatan porque seguen sen ceder os terreos da Cidade da Xustiza. En canto á depuradora estanlle botando a culpa a non sei quen e as expropiacións seguen sen facer e sen rematar. A Xunta de Galicia investiu e ten en proxectos para a cidade de Vigo mil millóns de euros. Voulles relatar nada máis que uns cantos datos.

Hoxe supoño que felicitarán ó presidente da Xunta de Galicia porque está aprobando no Consello de Goberno da Xunta a Lei de área metropolitana que “era imposible”, á que lle puxeron todos os atrancos que quixeron. Pois hoxe queda aprobada por primeira vez na historia a Lei de área metropolitana da cidade de Vigo e de toda a súa comarca.

Voulles dar algúns datos máis. Cidade da xustiza: pendente do Concello, 15.000.000 consignados. Xulgado do Mercantil: Novo Xulgado de Primeira Instancia, reforma e instalación de Fiscalía, traslado do Rexistro Civil, 1.000.000 euros. Depuradora do Lagares, 120.000.000 euros. Redacción do Proxecto do túnel Julián Estévez, 1.100.000 euros. Túnel de Julián Estévez, 11.500.000 euros. PAU de Navia-execución, 90.000.000 euros. Auditorio, xa se investiron 24.000.000 euros. Proxecto do túnel de Beiramar, 1.300.000 euros. Túnel de Beiramar-licitación final 2011, 70.000.000 euros. Mellora da PO Samil-Canido, 1.700.000 e en funcionamento. Mellora da seguridade vial Vigo-A Ramallosa, 20.000.000 euros pola parte que lle corresponde a Vigo. Augas de Galicia, 8.600.000 euros. Humanización de Manuel Álvarez-Severino Cobas-Escultor Gregorio Fernández que teñen os carteis da Alcaldía, 7.400.000 euros. Centros escolares e novas instalacións, 5.000.000 euros. Así ata 1.000.000.000 euros.

SR. LÓPEZ FONT: Tanta mentira é imposible de dicir en cinco minutos. Sr. Figueroa, na Depuradora a Xunta de Galicia non puxo nin un euro. A Depuradora é posible gracias ó Ministerio de Medio Ambiente.

Vou tentar seren moi telegráfico. Xa lle dixemos que en canto ó colexio alemán poden vostedes iniciar a obra cando queiran. Son vostedes quen están enganando ós cidadáns neste tema porque é unha contradición dicir que se fan campos de fútbol cando non se pide autorización e dicir que o colexio alemán se non se ceden os terreos non se pode facer.

Como aproveitou nesta ocasión para falar da Sra. Porro, evidentemente lle vou contestar: a Sra. Porro leva literalmente ó Porto de Vigo á ruína económica. A progresión do Porto de Vigo é dun beneficio de 20 millóns a 4 millóns e este ano entra en números vermellos. A Sra. Porro contabilizando pasaxeiros de cruceiros é a maior negación porque lle lembro, Sr. Figueroa, que nos enganou en 83.000 pasaxeiros de cruceiros. No anterior ano a Sra. Porro mentiu en 83.000 pasaxeiros de cruceiros. Perdeu a autopista do mar, quince millóns, e leva este ano literalmente ó Porto de Vigo a números vermellos.

Como ben se dicía antes, o resume aquí é que a un mes das eleccións veñen dicir que se invisten 1.000.000.0000, pero a min me gustaría que o outro día o Sr. Núñez Feijóo manifestara o apoio decidido ó AVE directo Madrid-Vigo por Cerdedo e non o fixo, esa é a realidade.

O resume de seu como vicepresidente da Deputación e de cero euros de investimento nesta cidade. Móstrame o que queira pero do único que se preocuparon foi do despacho da Sra. Porro.

Hai unha política da Xunta de Galicia e da Deputación dirixida pola Sra. Porro contra esta cidade. Non se fixeron os investimentos procedentes. A relación de rúas desta cidade, que son quilómetros e que lles corresponden á Xunta de Galicia e á Deputación provincial de Pontevedra, amosan a política de marxinação de vostedes cara ós vigueses. O goberno municipal humanizou as rúas que lle correspondían e vostedes a todos os que viven nas rúas que antes relatei, sometéronos a unha situación de desprezo por non atenderen as súas demandas, coma sempre convertéronos en vigueses de segunda.

Aceptamos a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Emenda presentada durante o curso do debate, por escrito de data 25 de abril, polo concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez:.

Engadir un terceiro punto á moción que diga:

“3º.- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Pontevedra a acordar co Concello de Vigo que se invista en infraestruturas socioculturais e deportivas da cidade de Vigo.”

Aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. López Font, a Alcaldía- Presidencia sométea a votación xuntamente co texto da moción.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse)

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a acordar co Concello de Vigo un plan de investimentos para humanizar rúas na cidade de Vigo.

Segundo.- Instar á Deputación Provincial de Pontevedra a acordar co Concello de Vigo un plan de investimentos para humanizar rúas na cidade de Vigo.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Pontevedra a acordar que co Concello de Vigo que se invista en infraestruturas socioculturais e deportivas da cidade de Vigo.

5.4.- (88).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR REXEITANDO ACTUACIÓN DO GOBERNO DO ESTADO EN RELACIÓN CO ACCESO DIRECTO DO AVE VIGO-OURENSE POR CERDEDO. EXPTE. 175/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no rexistro do Pleno do 11 de abril

de 2011, número 175/1101, o concelleiro do Grupo Municipal Popular, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte moción:

“Despois de sete anos de goberno socialista en Madrid e catro anos cun alcalde socialista en Vigo, o acceso do AVE a Vigo por Cerdedo segue sen materializarse.

A pesar das promesas electorais de Abel Caballero e de Rodríguez Zapatero non teremos AVE directo a Madrid en 2012 nin en 2015.

A recente autorización do Consello de Ministros das obras do AVE que excluíu o tramo por Cerdedo, acredita que durante estes anos perdeuse unha oportunidade histórica para Vigo.

Por todo iso, o grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno que tome o acordo seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo manifesta o seu rexeitamento á actuación do goberno de Rodríguez Zapatero e do Ministro José Blanco pola súa actuación en relación co acceso directo do AVE Vigo-Ourense por Cerdedo nos compromisos de licitación e manifesta o seu total apoio á execución de dito trazado”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 15 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Nesta moción solicitamos que o Pleno do Concello de Vigo manifeste o seu rexeitamento pola actuación do goberno de Rodríguez Zapatero e do ministro José Blanco pola súa actuación en relación co acceso directo do AVE Vigo-Ourense por Cerdedo nos compromisos de licitación e manifesta o seu total apoio á execución de dito trazado. Pedimos esa condena e pedimos o apoio a este trazado.

A historia do AVE Vigo-Ourense por Cerdedo é a historia dun engano do Partido Socialista e do Sr. Caballero.

No mes de decembro do ano 2003 o Ministerio de Fomento iniciou a valoración de impacto ambiental do corredor de Cerdedo, tramo Ourense-Vigo da rede de alta velocidade. No ano 2004 cambiou o goberno e aí iniciouse a agonía do AVE Vigo-Ourense por Cerdedo. O 29 de xuño de 2004 no Congreso dos Deputados o Partido Socialista a proposta do Partido Popular aproba que o AVE Vigo-Ourense por Cerdedo estaría en marcha no ano 2009. Primeira promesa. Atrásase e así logo comezan falar do ano 2012. Pero chegamos ó ano 2012 e outra volta outro engano

e din que tampouco estará no ano 2012 e falan do ano 2015. Hai uns días o Consello de Ministros autorizou a licitación dunha serie de tramos do AVE para Galicia pero excluindo o tramo Vigo-Ourense por Cerdedo que non se licitou.

Zapatero non cumpriu aquel compromiso do AVE Vigo-Ourense por Cerdedo directo no 2012, nin tampouco José Blanco cumpriu os seus compromisos e Vigo quedou fóra desta licitación e perdeu unha oportunidade histórica malia seren unha demanda da cidade, unha demanda do Consello Social da Cidade, dos partidos políticos por unanimidade. Zapatero non cumpriu e o goberno socialista de Madrid excluíu Vigo dos procesos de licitación e a cidade perdeu unha oportunidade histórica.

Veremos se significa que se vai construír nalgún momento ese compromiso de Vigo-Ourense por Cerdedo. Iremos a Madrid en AVE pasando por Santiago. Malia o compromiso de Rodríguez Zapatero, malia o compromiso do alcalde de Vigo, o compromiso de cando era presidente o Sr. Touriño, malia o do ministro José Blanco iremos Madrid pasando por Santiago.

Non só foi un compromiso do Sr. Rodríguez Zapatero que agora non cumpriu. Dise no recorte que teño: “Caballero renunciará á súa candidatura se non entra o AVE Vigo-Ourense por Cerdedo”. Este era o inicio dun teatro pola parte do Sr. Caballero. Vai Madrid e volve: “Fomento ofrece a Caballero o compromiso verbal de que o AVE a Vigo estará no 2013”. Di o Sr. Caballero: “Por primeira vez se fixan prazos e cifras. O compromiso asumido por Fomento é total. Sérveme e iso fai que estea satisfeito do logrado”. No mes de maio de 2007, antes de ser alcalde, pregúntanlle sobre as dúbidas de se cumprirá o compromiso no 2012 e di en canto ó AVE: “Absolutamente. Estudo informativo este verán”. Isto foi no ano 2007. “Declaración ambiental en decembro”. Foi en 2007. “2009 licitación, 2012 funcionando. Traballaremos como un reloxo”. E di textualmente: “Estou orgulloso de poñeren a miña candidatura en xogo por isto e seguirei cun pulso firme”.

Sr. Caballero, puxo en xogo a súa candidatura en xogo polo AVE no ano 2012. Agora non ven o AVE directo de Madrid no 2012. Segue co compromiso de poñer en xogo a súa candidatura? Era sinxelamente teatro, non había máis ca teatro polo tanto era un engano que mesmo fixo no acto máis solemne que ten un alcalde, cando toma posesión e no seu discurso de investidura.

Sr. Caballero, leamos o que dixo no seu discurso de investidura: “É o momento do

tren de alta velocidade directo a Madrid por Ourense, por primeira vez con data concreta no ano 2012”.

No acto máis solemne dun alcalde que é o da súa toma de posesión o Sr. Caballero prometeu o AVE directo no 2012. Agora non o cumpre, é a historia dun engano, foi un engano do Sr. Caballero, pensaba que logo de catro anos os compromisos se dilúen e o tempo todo o borra. “Só hai unha cousa que non hai, é o esquecemento”, dicía Borges. Non o esquecemos Sr. Caballero, vostede prometeu o AVE directo no 2012 e agora resulta que o goberno socialista de Rodríguez Zapatero e o seu ministro, José Blanco, saca a licitación tramos do AVE e exclúe expresamente o tramo do AVE Vigo-Ourense por Cerdedo que segue nunha situación de absoluto atraso dende hai sete anos.

Sr. Caballero, se este é o seu compromiso coa cidade, se por iso puxo a súa carreira política en xogo, se foi o seu compromiso persoal como alcalde no seu discurso de investidura, onde están o seu compromiso e a súa palabra?

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Efectivamente, Sr. López-Chaves, promesas e máis promesas; prazos e máis prazos que se incumpren.

Neste tema tamén deberíamos empezar a falar claro xa. Efectivamente, 2012, logo 2013, logo 2015; AVE directo Vigo-Madrid por Cerdedo, etc. E agora hai unhas semanas o Consello de Ministros, e volveu corrixir unha cousa, non licita senón que autoriza a licitación dunha serie de gastos relativos a unha serie de tramos onde efectivamente non aparece o tramo da variante por Cerdedo co que se cumpre, por desgracia e queredamos non ter acertado, o que o BNG ven dicindo dende hai moito tempo, que no 2015 non vai haber AVE e que mesmo dubidamos que nos demais tramos do resto de Galicia chegue nese 2015 e ogallá tamén aquí non acertemos.

O que se fixo hai unhas semanas no Consello de Ministros non é unha licitación, aínda hai que licitar eses tramos, adxudicalos e logo executalos. Nada máis e nada menos. Porque de anuncios estamos bastante cansos e sobre todo cando se achegan unhas eleccións. Efectivamente hai catro anos o Sr. Zapatero ven a esta cidade e comprométese co AVE de Vigo no 2012, etc.

Pero, Sr. López-Chaves, a Xunta de Galicia e o Partido Popular neste tema tamén está a utilizar a maior hipocrisía electoral e oportunismo porque eu lembro o

famoso abrazo, o apertón de mans que o Sr. Feijóo dá co ministro Blanco no que se chamou o Pacto do Obradoiro e cando sae dese Pacto do Obradoiro o Sr. Feijóo aplaude, di que isto é estupendo, que xa está cumprido. É a primeira claudicación do presidente dos galegos cando admite, claudica en que se atrase ata o 2015-2016. O presidente Núñez Feijóo.

Pero non só iso, é que nada máis e nada menos que a secretaria xeral do Partido Popular, Sra. Cospedal, di publicamente que non ve necesario un investimento millonario para unha zona como Galicia. Eu non escoitei nin ó Sr. Figueroa, nin ó Sr. Núñez Feijóo, nin á Sra. Porro desmentir ou criticar esas manifestacións da súa secretaria xeral do Partido Popular. Polo tanto menos oportunismo, menos hipocrisía electoral e imos traballar dunha vez todos e todas para que este país e esta cidade teñan as infraestruturas que precisan.

Se por fin hai unha autorización do gasto do AVE a Galicia é porque o Bloque Nacionalista Galego leva anos e anos, orzamento tras orzamento, poñendo partidas para que se aumenten as partidas de contratación do AVE, porque tanto o Partido Popular como o Partido Socialista daquela eliminaban a saída Vigo-sur e foi unha emenda de Olaia Fernández Davila a que propiciou que esa saída apareza hoxe reflectida. Polo tanto menos hipocrisía e menos oportunismo.

Dígolle tanto ó Partido Socialista como ó Partido Popular que non lle temos que agradecer a ninguén que o AVE chegue, ogallá sexa así, no 2015 porque é un dereito dos galegos e das galegas. Pero, se efectivamente o AVE chega a Galicia no 2015, será vinte e tres anos despois, case un cuarto de século, da chegada da primeira liña a Andalucía e daquela non houbo só un goberno do Partido Socialista, senón que tamén do Partido Popular. Logo de vinte e tres anos, a quen llo teremos que agradecer? A ninguén e moito menos ós gobernos que houbo neste Estado, tanto do Partido Popular como do Partido Socialista.

Presentamos unha emenda de substitución porque non queremos oportunismo electoral. Unha emenda que espero que por unanimidade todos votemos que deixa á parte a práctica electoralista. A emenda di: "A cidade de Vigo demanda claramente a chegada do AVE a Vigo pola variante de Cerdedo ó mesmo tempo que ó resto de Galicia, para o que esiximos a concreción clara dos prazos e das partidas económicas correspondentes". A outra parte da emenda di: "Así mesmo, esiximos dos gobernos central e autonómico a posta en marcha das medidas

correspondentes para articular un verdadeiro servizo ferroviario de cercanías, que é tamén fundamental para este país, que sirva para vertebrar un plan de mobilidade interior do noso país”.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. López-Chaves, a única cita literaria que valería con vostede é que por moito que repita unha mentira mil veces non a vai converter en verdade. Coido que se confundiu no texto que presenta, en troques de dicir que manifesta o seu rexeitamento, o que ten que facer esta cidade é agradecer ós socialistas, agradecer ó ministro José Blanco e ó alcalde Abel Caballero que por fin estea no Boletín Oficial do Estado o AVE directo de Madrid a Vigo por Cerdedo e déixese de enganar.

Esta cidade ten moita historia detrás e vostede utiliza as datas que quere, pero a historia negra desta cidade en relación ó AVE comeza o 2 de abril de 2002 onde nunha reunión, como xa llo dixen en máis dunha ocasión, entre o presidente Fraga, empresarios desta cidade e a Sra. Porro se decide un AVE directo dende Madrid a Santiago e Santiago-Vigo. É aquí onde se elimina a posibilidade de que haxa un AVE directo entre Madrid e Vigo e elimínnaa o Partido Popular coas formas que teñen vostedes de facer política. Xa maxino a escena como se a vira: Manuel Fraga entre os xornalistas, con ese ton enérxico que lle caracteriza “A ver, Corina, póñase aquí para que a vexan”.

O 2 de abril Corina Porro, que sempre estivo sometida ós ditados do seu partido en Galicia, que nunca tivo criterio en favor da defensa desta cidade, aceptou un AVE, Sr. López-Chaves, non directo entre Madrid e Vigo. Esta é a realidade. Vostedes nos gobernos de Aznar, con Álvarez Cascos, con Rajoy e con Fraga non fixeron absolutamente nada. Non só iso senón que o que fixeron foi impedir que houbera un AVE directo Madrid-Vigo.

Pero a historia desta cidade cambiou en xaneiro de 2007 cando D. Abel Caballero puxo en xogo a súa candidatura á Alcaldía de Vigo esixindo o AVE directo a Vigo por Cerdedo. Aí foi cando cambiou a historia desta cidade, foi cando dende o goberno central se aceptou que houbera un AVE directo. A partir dese momento é cando se poñen en marcha todos os mecanismos para que ese AVE sexa directo. A proba é que as tuneladoras están entrando. Lembro as datas nas que vostedes dicían que o querían ver no Boletín Oficial do Estado.

Vostede non pode enganar deste xeito tan radical e tan hipócrita ós cidadáns de Vigo, sabe que no Boletín Oficial do Estado están os tres proxectos básicos titulados "Madrid-Vigo por Cerdedo". Ese é o AVE que conseguiu o alcalde de Vigo, Abel Caballero. Eses tres proxectos que van permitir a construción son o proxecto básico, o proxecto medio-ambiental e o proxecto para a futura licitación.

O ministro de Fomento foi o único que certamente se preocupou por Galicia, foi o único que realmente puxo o diñeiro para que haxa un AVE a Galicia porque o Pacto do Obradoiro que foi aplaudido polo seu presidente da Xunta de Galicia, é o que vai permitir que o AVE a Vigo chegue nas mesmas condicións que ó resto das cidades.

O que pasa é que hai que dicir as cousas, hai que dicir que eses tres proxectos que están no Boletín Oficial do Estado que permitirán o AVE directo, teñen un prazo ata abril de 2012 e cando remate abril de 2012 se coñecerá o proxecto básico, se saberase cal é o importe. Debería sacar o recorte de prensa onde o ministro de Fomento di que se para entón el é ministro, se lle corresponde a el licitar, farao tal e como estableceu no seu compromiso.

Pero quero que mire vostede para o seu partido político porque a Sra. De Cospedal está en contra do AVE a Galicia e diso non dixeron vostedes nada; porque o voceiro de infraestruturas está en contra do AVE a Galicia e en concreto do AVE a Vigo, porque os seus representantes de Extremadura, de Valencia e de Murcia están en contra. E vostedes, os trece concelleiros do Concello de Vigo, como sempre fixeron están en contra desta cidade. Sería bo que o outro día cando o Sr. Núñez Feijóo veu esta cidade dixera que estaba a favor do AVE e que de seren mañá Mariano Rajoy presidente do goberno que el se comprometería e esixiría que o AVE Madrid-Vigo sexa unha realidade.

O que falta agora é que o que comezou D. Abel Caballero o rematen vostedes como compromiso político.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O máis interesante do discurso do Sr. López Font é que xa asume que Rajoy vai ser o presidente do Goberno, evidentemente o recoñeceu porque coñece a situación na que nos deixou a España un goberno socialista co apoio do Bloque.

Señores do Bloque, vostedes non son terceiros neste goberno, non son oíntes, Caballero é alcalde polo seu voto, Touriño foi presidente da Xunta polo seu voto,

teñen cen pactos de goberno. Zapatero gobernou gracias ó seu voto; non son oíntes, non son terceiros que non teñan participación. Sr. Domínguez Olveira, vostedes son colaboradores necesarios do Partido Socialista nesta actuación contra a cidade de Vigo ó excluírén o AVE. Apoiaron a Zapatero, a Caballero, a Touriño; sempre que os socialistas os requiren vostedes apóíanos.

En canto á intervención do Sr. López Font e seguindo outra cita literaria, dicía Konrad Adenauer que hai algo que Deus non fixo ben, puxo límites a todo menos á parvada. Os compromisos de Zapatero, de José Blanco, Touriño, Caballero foron do AVE para o 2012. Agora non lles serve, pero nin no 2009, nin 2012, nin 2015; probablemente perdemos unha oportunidade histórica de ter o AVE.

É máis, se quere escoitar ó alcalde teño aquí a seguinte gravación:

Neste intre o Sr. López-Chaves Castro pon unha gravación xunto ó micrófono referida ó funcionamento do tren directo de Vigo a Madrid no ano 2012.

Máis proba quere? É a declaración e son as palabras do Sr. Caballero. Diga agora que non é verdade. Houbo un compromiso persoal do Sr. Caballero e cando hai uns días o Consello de Ministros excluía a Vigo permaneceu calado, non dixo nada.

O Sr. Caballero vai facer que os vigueses vaimos Madrid a través de Santiago, ese vai ser o resultado de catro anos de xestión do Sr. Caballero que non cumpriu o seu compromiso, que non cumpriu o que dixo que era a determinación da súa carreira política.

Dende logo, Sr. Caballero, nin cando foi ministro, nin cando é alcalde favoreceu a esta cidade porque cando era ministro dixo que viría nos trens de alta velocidade no ano 1999 e foi falso; cando foi candidato dixo que viría no 2012 e foi falso e agora se vai de alcalde sabendo que excluiron expresamente da licitación o traxecto Vigo-Ourense por Cerdedo. Ese é o resultado da súa xestión, Sr. Caballero, nin compromiso persoal, nin político, nin xestión política, o resultado é un fracaso, Sr. Caballero. Dende logo debería alzar a voz como se alzou moitas veces pola parte de todas as forzas políticas desta cidade reclamando o AVE.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. López-Chaves, pero a Sra. Porro parou o AVE a esta cidade e eu púxeno en marcha.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sr. Alcalde, non aproveite a súa condición de presidente para intervir.

A PRESIDENCIA: Fun aludido cunha cinta que sacou a miña voz. A Sra. Porro parou o AVE a esta cidade e nós puxémolo outra vez en marcha. Polo tanto, dende esa constatación de que a Sra. Porro parou o AVE a Vigo e nós puxémolo outra volta no mapa, procedemos á votación.

Dado que na súa intervención, como sempre sucede, non se pronunciou sobre a emenda non sabemos que é o que hai que votar.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Evidentemente, Sr. Caballero, a nosa.

Emenda presentada durante o curso do debate, en escrito de data 25 de abril de 2011, pola voceira do Grupo Municipal BNG, Sra. Méndez Piñeiro:

- A cidade de Vigo demanda claramente a chegada do AVE a Vigo pola variante de Cerdedo ao mesmo tempo que ao resto de Galicia. Para o que esiximos a concreción clara dos prazos e das partidas económicas correspondentes.
- Así mesmo, esiximos dos gobernos central e autonómico a posta en marcha das medidas correspondentes para articular un verdadeiro servizo ferroviario de proximidade que serva para vertebrar un plan de mobilidade interior do noso país.

Ao non seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. López- Chaves Castro, a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse)

VOTACIÓN E ACORDO: Con nove votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill,

Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Romero Rodríguez

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo popular, Sr. López-Chaves Castro, instando ao presidente da Xunta de Galicia, Sr. Rodríguez Feijóo a rexeitar a actuación do goberno en relación ao acceso directo do AVE Vigo-Ourense por Cerdedo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.5.- (89).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR FORMULANDO AO GOBERNO DO ESTADO DIVERSAS PETICIÓNS RELACIONADAS COAS ENTIDADES FINANCEIRAS. EXPTE. 177/1101.

ANTECEDENTES: Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 11 de abril de 2011, número 177/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula esta moción:

“Cando as institucións do Estado promoveron unha reordenación do sistema financeiro español mediante a concentración de entidades, a maioría de Galicia actuou guiada polo interese xeral. As dúas entidades, sindicatos, empresarios e representantes políticos do PP e do BNG traballaron a prol da fusión das caixas galegas.

Logo do esforzo, se obtivo como resultado unha nova caixa de aforros axeitada ás necesidades de solvencia e galeguidade. Proba disto foi que o propio Banco de España, en novembro de 2010, validaba á fusión destacando literalmente a *“solvencia, rendibilidade e liquidez da nova entidade”*.

Novacaixagalicia estaba desenvolvendo o Plan de Negocio aprobado polo do Banco de España.

Sen embargo, pouco máis dun mes máis tarde, o Goberno Central, formulou un novo bandazo normativo (Decreto Lei 2/2011 do 18 febreiro) fixando unhas esixencias de capitalización moi superiores ás demandadas pola normativa internacional e contraditorias co Plan de Negocio de Novacaixagalicia que aprobara apenas unhas semanas antes.

Deste xeito, a Novacaixagalicia primeiro se lle obriga a priorizar o saneamento e despois se lle penaliza por terlle dado prioridade.

Ademais, existen serias dúbidas de que o Real Decreto estea a conseguir os

resultados anunciados polo Goberno, existindo grave risco dunha maior contracción do crédito en España e tamén en Galicia, como ten anunciado o Banco Central Europeo.

Sen embargo, o PP considera que aínda hai marxe para que Galicia poida contar cunha caixa evolucionada vinculada a un banco, e para que o Goberno do Estado trate ás Comunidades Autónomas de xeito igualitario.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de de Vigo insta ao Goberno do Estado, a solicitar do regulador:

- Un trato non discriminatorio entre as entidades financeiras, nin pola súa natureza xurídica, nin pola súa procedencia xeográfica.
- Que nas demandas de capitalización solicitadas ás entidades financeiras teña en conta os diferentes graos de saneamento extraordinario efectuados, considerándoo como o verdadeiro sistema de garantías de terceiros.
- Que, sen incrementar o déficit nin a débeda pública, favoreza á mellora da confianza internacional no noso sistema financeiro, reforzando a súa solvencia e facilitando o acceso ó crédito de empresas e familias, utilizando esquemas de protección de activos que permitan a liberación de activos ponderados por risco e acaden unha mellor valoración das entidades que precise captar capital, en especial de Novacaixagalicia.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 15 de abril, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Logo da votación da anterior moción imos pasar a outro tema que tamén foi a proba doutra actuación do Sr. Caballero en relación cun tema importante da nosa cidade.

O 11 de abril presentamos unha moción cando aínda se estaba negociando co Banco de España o plan de re-financiamento. Nesa moción pedíamos un trato igual para Novacaixagalicia que para o resto das caixas xa que nalgúns comunidades autónomas admitiran a inclusión no FROB e noutras admitíanse os famosos bancos malos. Galicia pedía un esquema de protección de activos que é un sistema de protección de activos de segunda perda que reducise de xeito considerable a necesidade de capitalización imposta polo Banco de España e polo Real decreto socialista.

Co moi elevado grao de saneamento de Novacaixagalicia a través do esquema de

protección de activos o Estado faríase cargo das perdas de Novacaixagalicia, das houber, cando non as puidese atender. Tendo en conta que destinara case 3.000 millóns de euros ó saneamento sería moi estraño que o Estado tivese que responder. Se ó final o Estado puxera capital a través do FROB se pedía que avalase con ese capital a Novacaixagalicia no caso de que non puidese atender esas perdas. O que se conseguiría con iso sería evitar que tivese que acudir ós 2.600 millóns de euros de capitalización abondando sinxelamente 1.000 millóns de euros, cousa que evidentemente facilitaría o financiamento exterior da caixa.

Pero o Banco de España negouse, deu facilidades a outras caixas evidentemente, permitindo que acudiran ó FROB dúas, a outras admitindo a creación dun banco malo e a outras fixando un criterio de solvencia, non o seu saneamento como criterio de solvencia senón a súa capitalización.

Con Novacaixagalicia xamais. Foi unha situación sistemática do goberno Socialista, do PSOE de Madrid na contra da caixa galega. Aprobou un Decreto lei que fai que desaparezan as caixas tal e como as concibimos agora. O obxectivo era moi claro, que desaparezan as caixas tal e como as concibimos agora. Aquelas caixas que naceran cos Montes de Piedade na Idade Media italiana, pasando polas caixas que se desenvolveron no norte de Alemaña a principios do século XIX e que chegaron a España tamén á metade e finais do século XIX, desaparecen tal e como funcionaron en España como consecuencia deste Real decreto lei, establecendo uns requisitos para a caixa galega e en xeral para as caixas que non se establecen para ningunha outra entidade financeira de Europa, nin agora nin no ano 2015.

Polo tanto o que estaba establecendo era un ataque sistemático contra a concepción das entidades financeiras como caixas. Non ten en conta o elevado nivel de saneamento de Novacaixagalicia. Cando se aprobou polo Banco de España a fusión de Caixanova e Caixa Galicia e logo pola Comisión Executiva do FROB, estableceuse un plan de actuación e un plan de negociación establecendo un sistema de saneamento que non de capitalización. Destináronse case 3.000 millóns de euros para ese saneamento coa aprobación do Banco de España, pero ó final non admiten este esquema de protección de caixas.

No tema das caixas é evidente a incoherencia do PSOE e do Sr. Caballero que en primeiro lugar dixo que non á fusión, lembran? Cando se aprobou a fusión polos órganos de goberno de Caixanova polo Banco de España e pola Comisión Executiva

do FROB, entón si que a fusión era a razón de todos os beneficios e era o éxito do Sr. Caballero.

Terceiro paso: cando o goberno Socialista cambia de criterio e impón criterios que obxectivamente prexudicaban a Novacaixagalicia, criterios que non se impoñen en Basilea II, nese caso volve cambiar de criterio o Sr. Caballero. Fusión si, fusión non, fusión si..., semella que está esfolando a margarida nun tema tan importante como o é o das entidades financeiras en Vigo e en Galicia.

Dende un principio aquí había a intención de sacar as caixas fóra de Galicia, por iso idearon o SIP. Fíxense todas as caixas que acudiron ó SIP onde teñen agora o seu domicilio social e que vai pasar con elas. Todas as caixas que acudiron ó SIP teñen o seu domicilio en Madrid e transformáronse, xa tiñan a intención, nun banco e non terán a súa se nas comunidades autónomas onde existían esas caixas. Nun principio ese foi o obxectivo, facer desaparecer as caixas de Vigo e de Galicia, iso tiñao previsto o Sr. Caballero que o coñecía moi ben por esas relacións que di que ten cos gobernantes socialistas de Madrid.

Esperaba que todo acontecese despois das municipais, pero a situación foi que se chegou aprobar ese Real decreto que supuxo levantar a máscara e ver o que había tras de todo isto, a intención de que nin Vigo nin Galicia tivesen unha caixa. Hoxe que teñan unha caixa é malia o goberno socialista de Madrid, malia o Real decreto do goberno Socialista, malia o Banco de España e malia a colaboración do Sr. Caballero con todos eles.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Esta moción que acaba de presentar o Partido Popular forma parte de todas esas mocións ás que nos ten acostumados, nas que a hipocrísia política e neste caso o oportunismo electoral son evidentes.

Verán vostedes, a reestruturación do sistema financeiro español efectivamente impulsouse polo goberno do Partido Socialista, mais foi claramente pactada co Partido Popular. Lembren o Real decreto lei de creación do FROB. Ese Real decreto invadía competencias autonómicas e pactouse e aprobouse polo Partido Socialista e polo Partido Popular en xuño de 2009. Si, Sr. López-Chaves, o Partido Popular votou a prol dese decreto. Lembren a normativa básica en materia de caixas que dalgún xeito é a que lles permite ás caixas de aforro se converter en bancos a través dunha fundación. Pois tamén se pactou entre o Sr. Zapatero e o Sr. Rajoy, polo tanto

polo Partido Popular e polo Partido Socialista. Precisamente ese nova reforma é a que permite agora mesmo aplicar o novo Real decreto lei de reestruturación que contou cos votos a favor do PSOE, coa abstención do Partido Popular e evidentemente e en coherencia co voto en contra do BNG.

Que pretenden agora mesmo contarnos o Sr. Feijóo e o Partido Popular? Que despois de ter consensuado co BNG unha nova Lei de caixas négase a recorrer o Real decreto perante o Tribunal Constitucional? O PP rachou o consenso e asumiu as teses do Banco de España, traizoando ós sectores produtivos deste país e aliáronse cos sectores especulativos mantendo nas caixas a quen as puxeron na situación na que se atopan nestes momentos.

O PSOE dende o goberno central, a través do Banco de España, mudou o panorama en xaneiro de 2011. Agora o Partido Popular láíase, pero é que non temos un presidente, o Sr. Feijóo, que estivo dous meses calado, que non foi quen de dicir absolutamente nada e agora o único que fai e laiarse? A iso chámase incompetencia do Sr. Núñez Feijóo porque non fixo nada polos sectores produtivos galegos. De feito a moción vai neste sentido. Agora mesmo queren quitar réditos electorais e maquillar a súa posición que coincide plenamente coa do Partido Socialista, posición que aboca á bancarización das caixas e á súa privatización en todo o Estado español.

Dende o BNG pensamos que de houber un goberno galego de verdade, nestes intreos estaría noutra posición como fixeron en Euskadi e en Cataluña, onde loitaron polas súas caixas e van ter a posibilidade de conservarlas. Cousa que non fixo para nada o goberno galego presidido polo Sr. Núñez Feijóo que, como dicíamos antes, é un presidente absolutamente incompetente. Agora veñen aquí maquillar a traizón ós sectores produtivos galegos, a traizón que fixo o Partido Popular dentro deste país.

Polo tanto nós imos votar en contra desta moción porque as solucións que nos propoñen son absolutamente transitorias e non van resolver a problemática que temos a nivel galego, non van contribuír a manter unha posición de país.

Repito que como Grupo municipal do BNG imos votar en contra desta moción oportunista do Partido Popular.

SR. LÓPEZ FONT: Hai que tomar a broma algunhas cousas porque isto das novas

tecnoloxías é certamente unha marabilla, dan vostedes un golpe de efecto coas novas tecnoloxías e sácanos un audio que, Sr. López-Chaves, reafírmame que dende o Partido Popular saben que os cidadáns valoran ó alcalde de Vigo como o mellor alcalde que tivo esta cidade e por iso todo o seu empeño a vinte e catro días das eleccións está en que non se presente porque saben que non o van poder derrotar. Non se preocupe, Sr. López-Chaves, que volverá vostede estar na oposición porque D. Abel Caballero seguirá sendo alcalde. Siga con estes golpes de efecto das citas literarias e das novas tecnoloxías.

Esta é a moción da mala conciencia, Sr. López-Chaves, non pretenda vir dármonos unha lección de economía o Partido Popular sobre cal pode ser a solución ó problema no que nos meteu Núñez Feijóo a Galicia e en concreto á cidade de Vigo. Esta é a moción da mala conciencia porque non houbo neste país unha maior traizón do presidente da Xunta a unha cidade e o problema é que contou coa complicidade do Partido Popular de Vigo. Ese Partido Popular de Vigo submiso e cuxa mellor cara e mellor expoñente é a Sra. Porro que non soubo defender os intereses desta cidade. A operación deseñada sobre a fusión de caixas do Sr. Núñez Feijóo era roubarlle a Vigo a caixa saneada e viable que tiña, para salvar a caixa da Coruña. Vostedes, vergonzosamente porque son concelleiros do Concello de Vigo, puxéronse a favor da posición do Sr. Núñez Feijóo e estiveron en contra desta cidade. Votaron neste Pleno na contra dos xestores de Caixanova, votaron aquí neste Pleno en contra de que foran os que dirixiran o proceso de fusión. A traizón e o engano do Sr. Núñez Feijóo a Vigo foron tremendos. Como se explica que un presidente da Xunta de Galicia poida avalar para enganar ós galegos e especialmente ós vigueses que nunha semana se fai unha auditoría na que se gasta un millón de euros? Eses son vostedes.

A realidade demostrou que aquí non hai políticas contra ninguén. O goberno central non está pensando en amolar a Galicia como vostedes queren facer aparentar,. O goberno de España o que quere é mellorar o sistema financeiro e a proba está en que dirixentes do seu partido político noutras comunidades autónomas din o contrario do que din vostedes aquí.

O Sr. Núñez Feijóo nunca lles dixo a verdade ós galegos e segue sen lla dicir pero dende aquí a seguimos pedindo que diga cal era a situación de Caixa Galicia, por que quixo a fusión a toda costa, por que lles someteu a vostedes no apoio político

para que estivesen a favor desta fusión. Este é o engano.

Esta sala de Plenos, concelleiros do Partido Popular, foi testemuña das posicións correctas de defensa da cidade, posicións que finalmente se demostraron porque cando vostedes dicían que isto se resolvía con mil cen millóns, o alcalde neste salón de Plenos dicía que eran necesarios dous mil cincocentos e así se confirmou. Cando o alcalde dicía que non se ía poder vender a rede e que con iso non abondaría, iso cumpriuse. Cando o alcalde dicía que a fusión era moi xusta, era así.

O importante aquí é que o 9 de febreiro os vigueses saíron a rúa pero o problema é que vostedes non os viron. Terían que ver ós vigueses como saíron na defensa da cidade.

Vostede comezou falando de traizón pero os únicos que traizoaron a esta cidade foron vostedes. Esta cidade tiña unha caixa saneada, unha caixa cun proxecto propio e de todo o malo que lle poida pasar ó sistema financeiro de Galicia, de todo o malo que lle poida pasar á caixa de Vigo teñen vostedes a culpa.

Agora pretende vir dármonos unha lección de economía, de como se pode saír disto? Non, Sr. López-Chaves. Vostedes e o seu presidente enganaron ós vigueses e a Sra. Porro someteuse completamente diante do presidente da Xunta de Galicia.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sr. López Font, non dixen traizón porque me parece que cando se fala hai que medir as palabras. Vostede di iso pero me parece que non son termos que correspondan a un representante da cidade de Vigo, aínda que é certo que un grupo minoritario en relación co PP, porque me parece que hai que ter respecto ós adversarios políticos e ós que formamos parte doutro partido. Así non se goberna, Sr. López Font.

Señores do Bloque, volvo dicirlles que vostedes son terceiros, Caballero é alcalde gracias a vostedes, Touriño gobernou gracias a vostedes, teñen cen pactos de goberno en toda Galicia co PSOE, votaron a Zapatero cando foi a primeira investidura e no seu programa electoral do ano 2004 o Sr. Rodríguez Zapatero levaba o tema das caixas e vostedes apoiárono, no tema do maior sometemento ó escrutinio de mercado das caixas e vostedes o apoiaron. Iso foi o que aconteceu.

Señores, o que fixo o PP, porque cada quen ten as súas irresponsabilidades foi aprobar no ano 2002 unha Lei na que non se falaba nada do que agora está acontecendo. O PP cando tivo maioría absoluta falou unicamente de cotas de

participación. Isto é a lei do PP, outra cousa é a que apoian os seus aliados cos que vostedes pactan e os que gracias a vostedes gobernan que é o Real decreto lei que fai desaparecer as caixas.

Sr. López Font, eu coido que logo de todas as intervencións do alcalde poderían dicir os vigueses “Non sei como sufriu a miña paciencia tan dolorosa e ávida imprudencia”. Continuamente dun lado ó outro no tema das caixas. Así non se goberna, que non fusión, que si fusión... Había un obxectivo que era facer un SIP, que Caixanova entrase nun SIP. As consecuencias que tería isto serían que hoxe non teríamos ningunha caixa con sede en Vigo.

Voulle dar un dato. Todas as caixas que acudiron ó procedemento do SIP desapareceron das súas cidades, desapareceron de Murcia, de Granada, de Córdoba, de Palma de Mallorca, das Palmas, de Santa Cruz de Tenerife; en todas as cidades dunha poboación semellante, mesmo maior ca de Vigo, que tiñan unha caixa que se incorporou a un SIP, a sede do novo banco resultante SIP está en Madrid. Verdade, Sr. Caballero? Ese era o obxectivo.

As cidades de Santa Cruz de Tenerife, As Palmas, Mallorca, Córdoba, Granada, Murcia; cidades algunhas con poboación superior a Vigo, hoxe perderán a súa caixa por seguir o que quería para Vigo o Sr. Caballero. Hoxe en Vigo temos a sede de Novacaixagalicia gracias a que non se seguiu ó que dixo o Sr. Caballero porque as cidades de España onde se pactou un SIP, xa non teñen caixa. Ese era obxectivo. Pregunten en Córdoba, As Palmas, Murcia, Granada, Palma de Mallorca, Santa Cruz de Tenerife; non teñen caixa porque neses casos fixeron caso ó mesmo que dicía o Sr. Caballero porque era un acordo a nivel xeral de toda España, pactábase que fose SIP para levar as caixas a Madrid.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse).

VOTACIÓN E ACORDO: Con nove abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, cinco votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill,

Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Romero Rodríguez,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo popular, Sr. Figueroa Vila, instando ao Goberno do Estado diversas medidas en relación coas entidades financeiras, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS URXENTES.

A PRESIDENCIA: Hai dous asuntos urxentes. O primeiro é unha proposta de modificación orzamentaria, suplemento de crédito extraordinario que xa pasou pola comisión informativa ó que se lle engadiu unha emenda do Grupo do PSdeG-PSOE relativa á concreción do seu punto terceiro.

SR. FIGUEROA VILA: Nós tamén temos unha proposta fóra da orde do día que lle remitimos ó remataren o Pleno anterior para contemplar a intervención dos colectivos que estaban pendentes.

A PRESIDENCIA: O Regulamento non contempla esa posibilidade, non contempla máis posibilidade de asuntos urxentes cas mocións e as propostas de goberno. Consultado coa secretaria do Pleno, esta deu unha información a esta Alcaldía dicindo que o Regulamento do Pleno deste Concello non contempla esa posibilidade, polo tanto nin tan sequera se procedeu a convocar á Xunta de Voceiros para a súa eventual inclusión.

SR. FIGUEROA VILA: Ó noso grupo parécelle que este é un tema moi importante.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, toda a importancia que vostede queira pero o Regulamento non o contempla. Esta é unha sesión regulada por regulamento e tense que cumprir.

SR. FIGUEROA VILA: Parécenos que se podería evitaren a conflictividade deste Pleno

dando participación e cumprindo o Regulamento. Hai tres solicitudes con entrada no Rexistro en tempo e forma polas que se pide a comparecencia nos expedientes 181/1101 CIG-Linorsa, o expediente 135/1101 CEIP-Altamar e o expediente 172/1101 ANPA-Santa Rita. Colexio Caixanova.

Estes tres pedimentos entraron en tempo e forma para seren debatidos no Pleno. Non se contemplou a súa inclusión na orde do día do Pleno. O outro día xurdiu unha conflictividade e nós xa lle dicimos, Sr. Alcalde, que nos parece que os Plenos se teñen que regular con normalidade, cada quen se ten que ater ó que marque a normativa, pero en calquera caso esta conflictividade se podería ter evitado aprobando a intervención deses colectivos.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, o Regulamento deste Pleno non contempla esa posibilidade tal e como vostede a formulou de intervir na continuación dunha sesión que tiña a orde do día pechada por Xunta de Voceiros e pola Alcaldía.

Vostedes poden solicitar un Pleno urxente para os efectos dos debates que queiran, teñen as firmas e iso si que o contempla o Regulamento.

SR. FIGUEROA VILA: Xa lle anunciamos que imos pedir un pleno extraordinario para que interveñan todos os colectivos que non o fixeron ata agora.

A PRESIDENCIA: É o seu dereito, Sr. Figueroa, como o noso é tamén o de proceder de acordo co Regulamento que será escrupulosamente cumprido. O que este alcalde non vai tolerar é que un Regulamento aprobado democraticamente por este Pleno se incumpra, que é o que significa a súa proposta. Moitas gracias.

6.1. (90).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 27/2011, SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO. REGULARIZACIÓN DO CADRO DE PERSOAL. EXPTE. 8215/77

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala na proposta emitida con data 20 de abril de 2011 pola concelleira delegada de Economía e Facenda:

“Ao obxecto de artellar os procedementos orzamentarios necesarios para dar cobertura as sentenzas xudiciais que deron lugar ao xurdimento de relacións laborais indefinidas para o Concello, por Resolución da Alcaldía Presidencia do 20 de xaneiro iniciouse o expediente de incoación dunha modificación orzamentaria (Crédito extraordinario), que se fundamentaba na memoria avaliativa desta Concellaría Delegada, formulándose proposta ao Pleno da Corporación para aprobar inicialmente a modificación orzamentaria nº 2/2011 por un importe de 643.274,75 euros, que foi aprobada na sesión realizada o 31 de xaneiro polo Pleno do Concello.

Ao estar xa rematado o estudo en relación coas prazas a crear e ao non se remitir o Edito para a publicación da modificación orzamentaria nº 2/2011, é convínente deixar sen efecto e arquivar o expediente relativo a precitada modificación orzamentaria, xa que se ten iniciado o expediente, que agora se propón o Pleno, que refunde todo o proceso, tanto o relativo aos créditos necesarios como os das prazas a crear coa preceptiva modificación do cadro de persoal, así como os custes de despedidos para os casos nos que non está xustificada a creación de novas prazas.

EXPEDIENTE QUE SE TRAMITA

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente do 20 de abril de 2011, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº 27/2011, que está conformado da seguinte documentación acreditativa: Memoria xustificativa da Concellaría Delegada de Persoal, informe do servizo de emprego no que se especifican os cálculos, informe da Xefa da unidade de Recursos Humanos e resolución da Alcaldía Presidencia, na que se xustifica a inaprazabilidade do gasto que hai que acometer.

A vista da documentación, para a continuación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no art.123.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, fórmase ao Pleno da Corporación, previo dítame da comisión informativa, á adopción do seguinte acordo...”

A seguir e polo anteriormente exposto, a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, excepto no que se refire ao terceiro punto modificado pola emenda presentada polo voceiro do Grupo Socialista.

No expediente figura a seguinte documentación:

- Expediente completo 118/1101 Modificación orzamentaria núm. 2/2011, crédito extraordinario.
- Informe relativo a “Solicitud de regularización do servizo de Promoción Económica e Emprego emitido polo xefe do devandito servizo coa conformidade do concelleiro delegado.

- Informe de estimación de custes de regularización de persoal indefinido no servizo de Promoción Económica e Emprego, de data 20 de abril, emitido polo xefe do servizo coa conformidade dos concelleiros delegados de Xestión Municipal e máis de Economía e Facenda.
- Decreto da Alcaldía de data 20 de abril de 2011, resolvendo a incoación do expediente de modificación orzamentaria para a tramitación dun suplemento de crédito e dun crédito extraordinario nun só expediente.
- Informe de data 20 de abril, emitido pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, relativo á modificación do cadro de persoal proposta polo Servizo de Promoción Económica e Emprego.
- Informe de data 20 de abril emitido pola técnica de avaliación e formación do Servizo de Recursos Humanos.
- Informe do interventor xeral de data 25 de abril de 2011.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 25 de abril, ditamina favorablemente.

Emenda presentada por escrito de data 28 de abril polo voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font:

Substituír o punto terceiro da proposta polo seguinte:

Terceiro.- Modificación do cadro de persoal coa creación das seguintes prazas:

PRAZA	Nº	ESCALA	SUBESCALA	CLASE	GR	CD	CE
TÉCNICO/A XESTIÓN	4	ADMON ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	COMETIDOS ESPECIAIS	A2	25	690
TÉCNICO/A MEDIO SERVIZOS ECONÓMICOS	1	ADMON ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	COMETIDOS ESPECIAIS	A2	25	690
ARQUITECTO TCO/APARELLADOR	1	ADMON ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA	A2	25	690
ADMINISTRATIVO/A	1	ADMON XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	19	316
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	1	ADMON XERAL	AUXILIAR		C2	16	166
TÉCNICO/A ADMON XERAL	1	ADMON XERAL	TÉCNICA	SUPERIOR	A1	26	680
TÉCNICO/A ACTIV. CULTURALS E EDUCATIVAS	1	ADMON ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	COMETIDOS ESPECIAIS	A1	26	680
TÉCNICO/A MEDIO ACTIV. CULTURALS E EDUCATIVAS	1	ADMON ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	COMETIDOS ESPECIAIS	A2	25	690
DIPLOMADO/A TRABALLOS SOCIAIS	1	ADMON ESPECIAL	TECNICA	MEDIA	A2	25	690
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	1	ADMON XERAL	AUXILIAR		C2	16	166

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

A Presidencia somete a votación a proposta ditaminada pola comisión de Xestión Municipal xuntamente coa anterior emenda.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Deixar sen efecto o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión do 31 de xaneiro de 2011, relativo á aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria nº 2/2011, ao estar tramitándose outro expediente que ten como finalidade a avaliación e número das prazas a crear, a avaliación dos custes de despidos para os casos nos que non está xustificada a creación de novas prazas, coa finalidade de acumular nun so expediente a totalidade dos procesos e procedementos que permitan a execución total das sentenzas, tanto no relativo ao crédito necesario como as prazas a crear coa preceptiva modificación do cadro de persoal.

Segundo.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 27/2011 por un importe de 527.345,01 euros, có desglose e aplicacións que figuran na resolución da Alcaldía-

Presidencia do 20 de abril de 2011 e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, as aplicacións orzamentarias que son obxecto de diminución e incremento son as seguintes:

Aplicación	Concepto	Crédito Extr.	Supl. Créd.	Imp. Baixa
2310.1200000	Retrib. Básicas A1		20.482,24	
2310.1200100	Retrib. Básicas A2		18.141,20	
2310.1200400	Retrib. Básicas C2		5.981,58	
2410.1200100	Retrib. Básicas A2		54.423,60	
2410.1200400	Retrib. Básicas C2		5.981,58	
2410.1200300	Retrib. Básicas C1		7.004,76	
2410.1200600	Antigüidade e funcionarios		1.714,27	
2310.1210000	Compl. Destino A1		13.964,00	
2310.1210001	Compl. Destino A2		12.389,40	
2310.1210004	Compl. Destino C2		3.499,30	
2410.1210001	Compl. Destino A2		37.168,20	
2410.1210003	Compl. Destino C1		4.172,50	
2410.1210004	Compl. Destino C2		3.499,30	
2310.1210100	Compl. Específico A1		25.376,60	
2310.1210101	Compl. Específico A2		21.460,60	
2330.1210104	Compl. Específico C2		5.869,70	
2410.1210101	Compl. Específico A2		64.381,80	
2410.1210103	Compl. Específico C1		6.458,70	
2410.1210104	Compl. Específico C2		5.869,70	
2310.1600000	Segur. Social Benestar Social		40.838,16	
2410.1600000	Seguridade Social Emprego		60.656,21	
2410.1310200	Custe Despidos	108.011,61		
2310.1310001	Retribucións persoal inclusión			76.297,00
2410.1310000				349.544,64
2410.1600001				101.503,37
Total		108.011,61	419.333,40	527.345,01

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria 27/2011 por un importe de 527.345,01 euros, teñen a súa orixe en baixas doutras aplicacións, nas que a propia memoria xustifica a súa minoración.

Terceiro.- Modificación do cadro de persoal coa creación das seguintes prazas:

PRAZA	Nº	ESCALA	SUBESCALA	CLASE	GR	CD	CE
TÉCNICO/A XESTIÓN	4	ADMON ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	COMETIDOS ESPECIAIS	A2	25	690
TÉCNICO/A MEDIO SERVIZOS ECONÓMICOS	1	ADMON ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	COMETIDOS ESPECIAIS	A2	25	690
ARQUITECTO TCO/APARELLADOR	1	ADMON ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA	A2	25	690
ADMINISTRATIVO/A	1	ADMON XERAL	ADMINISTRATIVA		C1	19	316
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	1	ADMON XERAL	AUXILIAR		C2	16	166
TÉCNICO/A ADMON XERAL	1	ADMON XERAL	TÉCNICA	SUPERIOR	A1	26	680
TÉCNICO/A ACTIV. CULTURAIS E EDUCATIVAS	1	ADMON ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	COMETIDOS ESPECIAIS	A1	26	680

PRAZA	Nº	ESCALA	SUBESCALA	CLASE	GR	CD	CE
TÉCNICO/A MEDIO ACTIV. CULTURAIS E EDUCATIVAS	1	ADMON ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	COMETIDOS ESPECIAIS	A2	25	690
DIPLOMADO/A TRABALLOS SOCIAIS	1	ADMON ESPECIAL	TECNICA	MEDIA	A2	25	690
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	1	ADMON XERAL	AUXILIAR		C2	16	166

Cuarto.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria e o cadro de persoal polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interporen reclamacións.

Quinto.- De non se presentar reclamados no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Sexto.- De presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

6.1.- (91).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DEMANDANDO DA XUNTA DE GALICIA UN AUMENTO DO 20% NO ORZAMENTO DO PLAN CONCERTADO. EXPTE. 182/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de abril de 2011, número 17821101, a voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“O Plan Concertado de prestacións básicas de servizos sociais xorde no ano 1988 a iniciativa do Ministerio de Traballo e Seguridade Social e ten como obxectivo a colaboración entre o Estado e as administracións autonómicas para financiar conxuntamente a rede de atención dos servizos sociais municipais, para garantir unhas prestacións sociais básicas a toda a poboación.

Este plan polo tanto axuda a financiar a retribución do persoal que desenvolve os servizos sociais, os gastos derivados da prestación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF libre concorrencia), os gastos derivados do SAF de persoas valoradas como dependentes e o Plan de axuda ao pobo xitano.

A contía do plan concertado percibida por este Concello aumentou considerablemente entre os anos 2005-2009, pasando de 586.453 € a 1.704.000 € un 190% máis.

No ano 2009 coincidindo coa chegada do PP á Xunta de Galicia esta cantidade aumentou unicamente un 3,6% no 2010. Durante este tempo as persoas recoñecidas como dependentes e que teñen recoñecido o SAF en Vigo pasaron de 129 a 296 e o número de horas prestadas pasou de 134.302 horas a 203.432,55 horas. Así mesmo, este Concello realizou un gasto considerable en persoal de servizos comunitarios básicos aumentado en 11 traballadores para poder pasar de 11 UTS a 17 UTS, diminuindo así o ratio de persoas atendidas por cada traballadora social de 27.000 a 17.000.

O día 29 de marzo publicábase no DOG unha nova orde de subvención para o plan concertado 2011 e comprobamos que no texto pódese ler literalmente: *“Con carácter xeral non se financiarán novas altas do Servizo de Axuda no Fogar que se prestan a aquelas persoas non recoñecidas como dependentes”*, pero ademais comprobamos nos orzamentos que o plan concertado para os concellos en xeral conxéllase, co cal tampouco se lle poderá prestar SAF a aquelas persoas que tendo recoñecida a dependencia necesitan axuda no fogar. Por outra banda diante da actual situación de crise económica cómpre un aumento de persoal de servizos sociais para atender a toda a demanda tanto de dependencia como doutras demandas maioritariamente económicas evidentes.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Demandar da Xunta de Galicia que con carácter urxente aumente un 20% o orzamento do plan concertado para os conceptos de SAF e persoal de servizos sociais básicos.”

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Sen o querer, esta moción que xa estaba pensada coincide precisamente coa proposta que lle facemos á Xunta de Galicia de pedimento de subvencións, polo tanto o que imos debater agora é un pouco a continuación do que xa se falou, da significación que ten o Plan Concertado para os servizos sociais do Concello de Vigo ó igual que para todos os concellos.

Para que vexa o Partido Popular que non se mente, que non é certo o que están a dicir a respecto da implicación do Partido Popular na Xunta de Galicia cos servizos sociais, como mostra teño aquí o Diario Oficial de Galicia coa Orde do martes, 29 de marzo de 2011, no que se pode ler literalmente: *“Con carácter xeral non se financiarán as novas altas no Servizo de Axuda no Fogar de prestación básica”*. Isto é unha realidade que ademais está escrita no Diario Oficial de Galicia. Isto é o que fai o Partido Popular que dalgún xeito está asinando a sentenza de morte do Servizo

de Axuda no Fogar. Estamos retrotraéndonos ó ano 1988 no que non había servizo de axuda a domicilio.

Ademais non só se lle pecha a porta ó Servizo de Axuda no Fogar que podemos prestar dende o Concello, senón que nestes momentos se conxelan as novas entradas da Lei de dependencia. Repito que na Lei de dependencia estamos sendo a cuarta comunidade pola cola en dar novas prestacións ás persoas dependentes.

En Vigo, señores do Partido Popular, están condenando nestes momentos a trescentas persoas que están en lista de espera para o Servizo de Axuda de domicilio básico a non teren prestación, estanas condenado a quedar nos seus domicilios sen ningún tipo de prestación porque o Concello de Vigo non pode asumir as competencias que lle tocan á Xunta en moitos casos en exclusividade. Están condenando vostedes a trescentas persoas, á parte das trescentas anteriores que teñen concedido o servizo do Plan de atención individualizado, o PIA, e que nestes momentos non se lles pode dar porque vostedes conxelaron tamén a Lei de dependencia. Na Comunidade Autónoma de Galicia un de cada tres dependentes galegos está sen recoñecer, o ano pasado había un 38,2% de persoas dependentes sen recoñecer.

O Estado achega a Galicia 44,01 euros por persoa e a Xunta pon 35,53, vinte e sete euros menos ca no resto das comunidades autónomas. Así están os nosos dependentes, sen a correspondente atención porque a Xunta de Galicia dá prioridade a outras cuestións e non os servizos sociais.

A Sra. Mato, o Sr. Feijóo, coa anuencia da Sra. Porro, que sempre foi, e así se dixo, defensora dos servizos sociais están condenando ós dependentes de Vigo a non ter prestacións, están condenando a este Concello a non poder seguir aumentando o número de persoas a atender, como todos os servizos que se poden atender a través de novos postos de traballo neste Concello para a dependencia. Nestes momentos son os que menos están a traballar a prol dos máis desfavorecidos, das persoas que necesitan todas esas axudas que a Lei de dependencia puxo enriba da mesa. Están mentindo e enganando ós galegos.

Por todo isto ven a nosa moción e de aí que pidamos que o Plan concertado se incremente un 20% para este Concello porque senón nos veríamos na obriga de non dar toda a prestación a eses trescentos vigueses que o Partido Popular está deixando sen atender.

SR. LÓPEZ FONT: Apoiamos o debate urgente desta moción porque realmente paga a pena que os cidadáns saiban que é o que está facendo o Partido Popular alí onde goberna como xa dicíamos nalgunha moción anterior.

Fálase dun pedimento concreto de subvención. O Partido Popular fai un discurso moi bonito e moi teórico sobre a preocupación por todos os aspectos sociais, pero a realidade á hora de gobernar é absolutamente mentira.

Aquí estamos falando de servizos sociais básicos, dunha política social que ten moitas vertentes e este goberno municipal, nos catro anos que conseguiu orzamento, sempre consignou o maior compromiso en política social, política que é unha absoluta mentira alí onde goberna o Partido Popular.

A política social comprende moitas cousas como a sanidade, servizos sociais e emprego. A política sistemática da Xunta de Galicia do Sr. Núñez Feijóo é contraria a esta política social, é sempre favorable a recortes sociais e así podemos empezar polos libros de texto ou converter un hospital público en privado. Non atenden ningunha demanda, se falamos de educación tampouco se atenden os pedimentos desta cidade.

A Lei de dependencia é un factor fundamental de integración social e de axuda ós que máis o necesitan, é un logro do goberno do Estado español que lle corresponde desenvolver ás comunidades autónomas e só aquelas que teñen un goberno que ideoloxicamente cre nas políticas sociais son as que o levan a cabo. Decía a Sra. Méndez que en canto á aplicación da Lei de dependencia somos a cuarta comunidade autónoma pola cola o que demostra claramente a falla de compromiso do Partido Popular coa cidade de Vigo por suposto, porque en calquera tema se lle trata moito peor a esta cidade que ó resto de Galicia, pero en conxunto e sobre os temas sociais é unha política a favor dos recortes e de gastar noutros sectores improdutivos.

Estes días cumpríanse vinte e cinco anos da Lei de sanidade. Todas as melloras sociais de importancia trouxémolas a este país os socialistas dende o goberno central. Os gobernos do Partido Popular non aportaron ningunha medida para o beneficio dos cidadáns. A Lei de dependencia é unha mostra e sería bo que os concelleiros do Partido Popular se manifestasen claramente por esa Lei de dependencia, que lle esixisen a ese goberno amigo que se aplicase a Lei de

dependencia. Esa si que sería unha aposta en favor da situación social na que vivimos.

Fronte isto o Partido Popular en xeral e a Sra. Porro presumen de austeridade, cando pola contra son os campións do malgasto e son precisamente contrarios ás políticas sociais. É moi importante a imaxe pública que se quixo labrar a Sra. Porro a favor dos servizos sociais. Adoita ser habitual que pola banda dos concelleiros do Partido Popular se faga mención de que a Sra. Porro non sei que convenio asinou no seu momento e demais pero, que din a Sra. Porro e o Partido Popular sobre os recortes que está facendo a Xunta de Galicia? Cal é a súa posición? É candidata a este Concello de Vigo, non ten nada que dicir en favor desas trescentas persoas ás que se refería concelleira de Benestar Social? Non ten nada que dicir cando este goberno pide melloras para os colexios que ten absolutamente abandonados a Xunta de Galicia? Non tiña tanta preocupación polos servizos sociais?

Isto é unha auténtica mentira, é o que dicíamos nalgunha outra moción de que o Partido Popular leva castigando catro anos a esta cidade por indicación expresa da Sra. Porro. Unha cuestión é castigar en investimentos, o que non se debería admitir, e outra cousa é ser tan insensible politicamente para que por aquilo que afecta ós máis desfavorecidos, ós que neste momento máis precisan de políticas sociais non se escoite a voz da Sra. Porro. Nese sentido é evidente que está incapacitada para gobernar.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndeme enormemente que se estea utilizando un tema tan importante como é o tema social, de enorme calado como é a axuda que se lles dá ás persoas maiores e ós discapacitados. O Sr. López Font co seu discurso demostra que ignora completamente calquera tipo de norma, de orde con respecto a esta materia, pero non só iso, senón que se pon a falar de temas que non veñen ó caso e que non nos competen. Os discursos políticos ou as campañas electorais déixenas para o momento correspondente, non lles fagan perder o tempo ós cidadáns por mor dunha área tan importante na que vostedes non fixeron absolutamente nada, ningunha actuación en materia social; ninguén do Grupo socialista. O orzamento deste ano en materia social recortouse, houbo unha redución.

Non é certo que a Xunta deixe sen o Servizo de Axuda no Fogar a trescentos

maiores de Vigo. Iso é mentira e voulo demostrar.

A Orde da que falaba a Sra. Méndez é do 29 de marzo de 2011, falla un mes para que se peche a solicitude, aínda non se pechou. Non sabe canto lle vai conceder a Xunta e está pedindo que se incremente. Que se incremente, que? Vostede aínda está en prazo, non ten nin idea do que lle vai conceder a Xunta de Galicia e se lle ocorre saír en toda a prensa dicindo que os recortes da Xunta deixan sen o Servizo de Axuda no Fogar a trescentos maiores de Vigo. Vostedes son uns mentireiros e están enganando ás persoas que máis o precisan, ós dependentes, ós maiores e ós discapacitados. A Orde non rematou, non sabe canto lle vai conceder a Xunta de Galicia e vostede di que quere un 20% máis. Un 20 máis de que?

Non só iso. Resulta que se nos imos dous anos atrás está exactamente a mesma Orde de Vicepresidencia asinada por D. Anxo Quintana. Vaia o artigo 6 que é onde aparecen reflectidas esas palabras que vostedes saca na prensa. No artigo 6 dise: "Con carácter xeral non se concederán incrementos para axuda a domicilio a familias e persoas que non estean valoradas como dependentes". Esta normativa é unha Orde da Xunta de Galicia do 21 de abril do ano 2009. Dise exactamente o mesmo que están dicindo vostedes agora, anunciando a "bombo e prato" que a Xunta vai deixar sen axuda no fogar ós maiores; exactamente o mesmo dicía D. Anxo Quintana quen dende logo sempre prometeu moito con respecto á dependencia e o que fixo foi gastar un millón de euros en autobuses que poñían "independencia" e non había maiores valorados e ninguén cobrara a axuda.

Sra. Méndez, coido que non se pode utilizar ás persoas e menos ás persoas máis desfavorecidas que máis o precisan para facer campaña e facer estes discursos políticos.

O Sr. López Font igual non sabe porque dicía que a competencia da dependencia é das comunidades autónomas. Mentira, a competencia en materia de dependencia debería ser o 50% do Estado e o 50% da Xunta de Galicia. Agora mesmo a Xunta de Galicia está asumindo o 75% do orzamento en materia de dependencia cos recortes que se seguen facendo dende o goberno central.

Pero temos outro dato. Se quere un 20% para o Plan concertado, para aumentar o Servizo de axuda a domicilio e o Servizo de apoio ó pobo xitano o que pode facer é sumar o que se gastou na Universiada, 1.300.000 euros, sumar o que se gastou nun vídeo promocional 180.000 euros, aínda que xa existía un na cidade, sumar

1.000.000 de euros no Mundial de Hockey, 86.000 euros en axendas e iso daralle 2.566.000 euros, e ese 20% que vostede pide só 350.000 euros. Sóbralle, mesmo podería vostede cubrir todo o Plan concertado.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Non me estraña que eu estea un pouco despistada porque con estas afirmacións da Sra. García Míguez, como non se estea acostumado calquera non se despista, creríamos que estabamos no mundo da mentira. Non me estraña que a Sra. Porro actuara así con vostede na lista.

“Con carácter xeral non se financiarán novas altas no Servizo de axuda no fogar de prestación básica”. Isto nolo transmitiron exactamente como está aquí, é dicir, que non van dar nin un euro máis do que nos deron o ano pasado para o Plan concertado. Esta Orde transmitiuse hai exactamente unha semana, cando nos transmitiron a Orde nunha reunión que tiveron os técnicos na Delegación da Xunta de Galicia coido que coa Sra. Molares presente, foi cando nós presentamos esta moción. Isto é o que nos transmitiu a Xunta de Galicia. Non imos ter nin un euro máis. Si, Sra. García Míguez, doeralle moito a vostede e a Sra. Porro, abandeirada dos servizos sociais, trescentas persoas en lista de espera para o Servizo de axuda a domicilio ás que non lle poderemos dar prestación porque hai unha conxelación do Plan concertado para esta cidade.

O Sr. Quintana pasou de 570.000 euros a 1.704.000. Vostedes nada e iso malia os anuncios do Sr. Feijóo que dicía que en corenta e cinco días ía resolver todos os problemas que se tiñan, que dixo que crearía un centro de día por cada mil cincocentas persoas. Sen embargo o centro de día de Valladares presupostado polo bipartito leva dous anos rematado e pechado. Que vergoña. Isto é o que temos en Vigo pola parte do Partido Popular.

Está claro que hai unha falla de compromiso total e absoluta cos dependentes desta cidade, coas persoas que menos teñen, cos inmigrantes que nos baixaron 50.000 euros pola banda do Partido Popular. Non hai compromiso cos servizos sociais e coa creación de emprego porque en servizos sociais tamén se crea emprego. Polo tanto asuman vostedes a responsabilidade.

Este goberno dobrou o orzamento para o Servizo de axuda a domicilio, dobrou o orzamento para servizos sociais pasando de 4.400.000 euros que tiña a Sra. Porro cando era alcaldesa a 10.000.000 de euros que temos neste momento con Cedro

con este goberno. Polo tanto, non mintan.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, demandando da Xunta de Galicia un aumento do 20% no orzamento do plan concertado, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O

REQUIRAN.

1.1.- (92).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas e 21 de marzo e 28 de abril de 2011.

1.2.- (93).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 21 de marzo e 28 de abril de 2011.

1.3.- (94).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 04.04.11 RELATIVA AO NOMEAMENTO PARA O POSTO DE SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 173/1101.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 4 de abril de 2011, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Por instrución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 13 de xaneiro de 2011, ordenouse á Xefatura de Área de Réxime Interior, que se dera cumprimento á comunicación da Alcaldía-Presidencia, de data 12 do mesmo mes, relativa á tramitación do procedemento de provisión do posto vacante de Secretario de Administración Municipal polo sistema de libre designación.

Este posto foi creado e clasificado por resolución da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, de data 12 de decembro de 2010, publicada no DOG con data 10 de xaneiro de 2011.

En cumprimento da orde da Alcaldía-Presidencia, o expediente contendo a

convocatoria e bases de selección, foi remitido e aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 7 de febreiro de 2011, sendo remitido o acordo á Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza -Dirección Xeral de Administración Local-, para que en cumprimento do disposto no art. 37.2 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, en concordancia coa Disposición Adicional segunda da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ao obxecto da súa publicación e remisión ao Ministerio de Administracións Públicas.

Con data 08 de marzo de 2011, publicouse no DOG as bases da convocatoria e abriuse prazo de presentación de solicitudes por 15 días naturais. No dito prazo, e segundo certificación de data 29 de marzo actual, expedida polo Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse as seguintes solicitudes:

- 1.- D^a María Concepción Campos Acuña (doc. nº 110038315)
- 2.- D^a Ana Begoña Merino Gil (doc. nº 110038324)
- 3.- D^a Rosa Ana García Fernández (doc. nº 1100400111)

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

De conformidade co disposto no artigo 99.2 da Lei 7/1995, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia co artigo 36 e seguintes do decreto 49/2009 do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, poderase cubrir polo sistema de libre designación entre funcionarios de carácter estatal da subescala e categoría correspondente, os postos a eles reservados que se determinen na relación de postos de traballo, nos termos previstos na lexislación sobre función pública. Este posto de Secretario de Administración Municipal está incluído na relación de postos de traballo correspondente ao ano 2010 e o complemento de destino asignado é o correspondente ao nivel 30.

E competencia da Alcaldía-Presidencia a resolución desta convocatoria, de conformidade co disposto na disposición adicional oitava de Lei de Bases de Réxime Local, engadida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en concordancia co disposto no artigo 37.4 do mencionado decreto 49/2009 do 26 de febreiro, en base a dito precepto a resolución motivarase con referencia ao cumprimento por parte do/a candidato/a elixido, dos requisitos e especificacións esixidas na convocatoria e da competencia para proceder ao nomeamento.

Por todo isto, unha vez cumprimentados os trámites establecidos na lexislación de aplicación, a constatación de que as aspirantes reúnen os requisitos e especificacións da convocatoria, así como os seus perfís curriculares e con especial consideración a experiencia en outros postos de similares características, en uso das competencias conferidas a Alcaldía-Presidencia pola lexislación de Bases de Réxime Local e o artigo 37.4 do decreto 49/2009 do 26 de febreiro, sobre o exercicio de competencias das Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal,

R E S O L V O :

Primeiro.-Nomear a dona Concepción Campos Acuña con DNI 44.076.371-E, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, subescala de Secretaria, categoría superior, para o posto de Secretario de Administración Municipal do Concello de Vigo.

Segundo.- Dar traslado da presente resolución ao Pleno do Concello de Vigo na próxima sesión que se realice así como a Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia para anotación e publicación no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.- O prazo de toma de posesión será o establecido no artigo 34 do decreto 49/2009, en consecuencia de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade co novo, ou dun mes si radica en localidade distinta.

Este prazo comezará a contar a partir do día seguinte o do cesamento, que deberá efectuarse nos tres días hábiles seguintes ao da publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.”

Do anterior a Alcaldía-Presidentencia da conta ao Pleno da Corporación.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1.- (95).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO Á ALCALDÍA A CUMPRIR O SEU COMPROMISO ELECTORAL DO PLENO EMPREGO. EXPTE. 148/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de marzo de 2011, número 148/1101, o concelleiro do grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“O pequeno comercio é un “signo de identidade” de Vigo que sofre moi directamente as consecuencias da perda poder adquirido de familias e empresas.

Así, o pasado mes de febreiro será recordado entre os comerciantes como calamitoso, o peor en moitos anos, polos escasos ingresos rexistrados.

O comercio está a vivir en carne propia os efectos da crise económica e da improvisación das políticas do presidente Zapatero e do Sr. Caballero, responsables de que se perderan en Vigo máis de 5.000 empregados neste sector. Desde que Caballero é Alcalde, máis de 1.800 comercios botaron o peche para sempre.

Seguramente todos temos un veciño, familiar ou amigo/a que ten ou tiña un comercio. Somos conscientes do seu empeño, dedicación e as súas preocupacións. Ultimamente costa arrincarlles un sorriso. A diario escoitamos as opinións e comentarios de moitos comerciantes que están vivindo no fío da navalla, aguantando como poden.

A pesar dos esforzos que fan cada día por manter a súa actividade e sacar adiante ós seus pequenos negocios, gastando menos e baixando as marxes de ganancia en máis dun 50% de media, os comerciantes son os grandes damnificados da desastrosa política de Zapatero e Caballero: porque a eles e ós seus clientes os machucan a impostos, sóbenlles o IVE, o gas, o recibo da luz en máis dun 40% nestes catro anos, etc.

Nestes anos houbo moitas promesas para o pequeno comercio, pero a realidade está marcada pola ausencia de ideas e dun verdadeiro plan de dinamización do pequeno comercio. Este ano, por exemplo, o alcalde rebaixou o orzamento municipal no departamento de Comercio nun 74%, iso é o que lle importan os comerciantes.

O Partido Popular de Vigo cre no pequeno comercio e cremos tamén que sen os comercios o Vigo do futuro será inviable. Sentimos o pequeno comercio como algo noso, porque é unha peza chave para esta cidade, para a súa economía e desenvolvemento, porque son pequenos negocios resultado do esforzo emprendedor que durante anos axudaron a construír Vigo.

A solución ós problemas que teñen os comerciantes é que volva o emprego para os vigueses, porque así terán capacidade de compra e volverán abrir novos negocios na cidade xa que Vigo non se pode permitir 30.671 desempregados.

Por iso o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ó Alcalde de Vigo a cumprir a súa promesa electoral de acadar o pleno emprego, co que chegará a prosperidade económica para os autónomos e pequenas e medianas empresas da cidade.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 14 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FIDALGO IGLESIAS: O pequeno comercio é un signo de identidade de Vigo que sofre moi directamente as consecuencias da perda do poder adquisitivo de familias e de empresas.

Este primeiro trimestre do ano lembrárase polos comerciantes como calamitoso, o peor en moitos anos polos escasos ingresos rexistrados. O comercio está a vivir en carne propia os efectos da crise económica e da improvisación das políticas do Sr. Presidente Zapatero e do alcalde Sr. Caballero, responsables de que se perderan en Vigo máis de 5.000 empregos neste sector dende que Caballero é alcalde. Dende que Caballero é alcalde Vigo conta con 1.800 comercios menos porque nestes catro últimos anos máis de 2.800 comercios botaron o peche para sempre, algúns evidentemente abriron e por iso o saldo é de case 2.000 comercios menos en Vigo.

Seguramente todos temos un veciño, un familiar, un amigo ou amiga que ten ou que tiña un comercio. Todos somos conscientes do seu empeño, dedicación e das súas preocupacións. Ultimamente sabemos que lles custa arrancar un sorriso, a cotío escoitamos as opinións e os comentarios de moitos comerciantes que están vivindo no fío da navalla aguantando como poden. Malia os esforzos que fan cada día por manter a súa actividade e sacar adiante os seus pequenos negocios gastando menos, baixando marxes, os comerciantes son os grandes damnificados da desastrosa política de Zapatero e de Caballero porque a eles e ós seus clientes machúcanos a impostos, sóbenlles o IVE, o gas, a luz, a gasolina, etc.

Nestes anos houbo moitas promesas para o pequeno comercio pero a realidade está marcada pola ausencia de ideas e dun verdadeiro plan de dinamización do pequeno comercio. Este ano por exemplo, o alcalde rebaixou o orzamento municipal no departamento de Comercio nun 74%. Sr. Alcalde, iso é o que lle importan a vostede os comerciantes.

O Partido Popular de Vigo cre no pequeno comercio e cremos tamén que sen os comerciantes o Vigo do futuro será inviable. Sentimos o pequeno comercio como algo noso porque é unha peza chave para esta cidade, para a súa economía e para o seu desenvolvemento porque son pequenos negocios resultado do esforzo emprendedor que durante anos axudou a construír Vigo.

Cremos que o comercio é moi importante porque axuda a facer un Vigo seguro, habitable, flexible, vivo e plural. Apostar polo comercio de cidade é apostar por un

modelo de cidade sostible pero ademais é comprometerse cunha forma de vivir e de traballar.

A solución ós problemas que teñen os comerciantes é que volva o emprego para os vigueses porque así a xente terá capacidade de compra e volveranse abrir máis negocios dos que pechan. Dende logo Vigo non se pode permitir 31.321 desempregados.

Instamos ó alcalde de Vigo a cumprir a súa promesa electoral de acadar o pleno emprego, así chegará a prosperidade económica para autónomos e pequenas e medianas empresas da cidade.

SRA. VELOSO RÍOS: Nesta moción relaciónase directamente o comercio e o emprego que evidentemente teñen unha relación directa.

En canto a medidas para o pequeno e mediano comercio coido que non vai ser o goberno da Xunta quen dea leccións a este goberno sobre as medidas que hai que tomar porque aquí se apoia directamente e dánse axudas directas ó pequeno e mediano comercio da cidade. Non nos dedicamos a aplaudir a apertura de grandes, enormes superficies comerciais como fai o goberno da Xunta de Galicia e tal e como reflicte ademais en como legisla o comercio deste país.

Independentemente diso presentan unha moción máis instando a cumprir promesas electorais. Pois postos a cumprir promesas electorais eu coido que estaremos de acordo en que toda a cidadanía agradecerá que todo o mundo cumpra promesas electorais, canta máis xente as cumpra moito mellor. Entón, para que nos limitar a instar ó alcalde de Vigo a cumprir a súa promesa electoral de acadar o pleno emprego e por que non tamén lle pedimos a Xunta de Galicia que asuma as promesas electorais que fixo durante a campaña. De feito, antes tamén o concelleiro López-Chaves dicía que a crise non era mundial, que era un crise española. Agora vai resultar que é unha crise viguesa; ó final é que isto da crise é un invento que lanzamos dende aquí.

Pero eu creo que non, creo que aquí todo o mundo ten que asumir as súas responsabilidades e entón dende o BNG presentamos unha emenda a esta moción que sexa engadir outro punto que diga: "Instar ó presidente da Xunta de Galicia a cumprir o contrato con Galicia que comeza coa palabra "emprego"".

Ademais e como falan vostedes sempre de mentiras, de cousas que non están

escritas por ningures, vou lembrar algo que está escrito, hai fotos do actual presidente da Xunta asinando un papel escrito que é o contrato con Galicia. O contrato con Galicia asinouse e comeza ademais polo punto “Emprego”. Di: “Combater o paro como máxima prioridade do goberno e recuperar a senda de creación de emprego garantindo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes”. Cumpran esa promesa porque dende logo que ata agora non se cumpriu en absoluto e logo de dous anos non ten trazas de que nos dous anos que quedan o vaia facer. Ademais, como o actual presidente, daquela candidato, animou a que “Superadas as eleccións a oposición, os medios de comunicación e sobre todo os cidadáns me esixan día a día o cumprimento punto por punto deste contrato...”, nós imos empezar xa dende este Concello a esixir o cumprimento deste contrato que ata o de agora non se cumpriu en absoluto.

Así mesmo penso que no fondo deste contrato está unha declaración importante que dicía: “Coa subscripción deste documento Feijóo dá resposta ó clamor cidadán que nos pide solucionar os problemas e non pelexas entre nós. Chegou o momento de comprometerse e de devolver a credibilidade á clase política. Iso é o quero certificar aquí”.

Parece que ó Partido Popular lle gusta moito asinar documentos, neste caso non utilizaron un notario, aínda que teñen un notario de man porque parece que é unha práctica habitual o de asinar documentos que logo non se cumpren xamais. Antes o fixera a candidata á Alcaldía cando asinou aquela famosa conxelación das taxas ante notario que non chegou a cumprir e agora o candidato Núñez Feijóo nos asina un contrato con Galicia que non cumpriu aínda. Entón queremos esixirlle tamén que o cumpra e por iso engadimos esta emenda.

Por certo, non debe ter moita intención porque a verdade é que está bastante borrado do mapa na rede. Foime difícil atopar o texto do contrato con Galicia, atopeino finalmente na páxina do Parlamento de Galicia pero na páxina na que estaba inicialmente, a páxina da campaña electoral “recargandogalicia.com”, con ese ton tan bélico que tanto lles gusta no Partido Popular, cando un vai a esa dirección o que pon é “recargandogalicia está en venda”. É bastante significativo, está en venda ó igual que o está o goberno galego e o Sr. Núñez Feijóo que se vende moi barato parece que por un posto en Madrid, o problema é que vende a todo un país.

Lembrámoslle que cumpra o contrato con Galicia e que tamén consigamos emprego gracias ó traballo do goberno galego.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Sr. Fidalgo, é pouco orixinal. En outubro xa presentara vostede outra moción na que incluía á hostalaría. Agora non a inclúe, daquela a cualificaba como “sectores estratéxicos” e agora “signo de identidade”. A bomba. Se vostede realmente coñece o comercio saberá que o mes de febreiro de calquera ano é un mes moi parco en vendas, é un mes no que se vende moi pouco. O que si é certo é que vostedes non poden vir aquí reclamar que se cumpra o pleno emprego facendo unha fileira, falando do comercio cando vostedes non o defenden para nada.

Unhas veces din que pechan 5.000 comercios, outras 2.000, agora 1.800, pero o que si é certo é que hai máis aperturas que peches de comercio, catro veces máis aperturas de comercios que de peches. Ese dato teno vostede nos medios de comunicación. Léolle: “A cifra de comercios cuadriplica o número de peches”.

O que lles quero trasladar a todos os cidadáns e tamén ós que non son de aquí é que Vigo é un referente para as compras, é un referente comercial pola profesionalidade dos nosos comerciantes, pola modernidade dos seus establecementos, pola ampla oferta e ademais, cando vostedes pintan un negro panorama, eu dígolles que Vigo é de cores e xa que utilizamos os medios de comunicación, vou utilizar desta vez algo que se dixo pola radio local porque Vigo é de cores, Sr. Fidalgo e señores do PP, non é negro como din vostedes.

Facendo humanizacións é como tamén se posibilita que o noso comercio se dinamice e por iso Abel Caballero coa transformación que fixo da cidade está apostando polo comercio, coa creación de 11.000 postos de traballo está apostando polo comercio, pola economía e polo emprego da nosa cidade.

Ademais cando se aposta por un auditorio como o de recente inauguración “Mar de Vigo”, que non hai moito que vostedes dicían que só estabamos cambiando montóns de terra dun lado cara outro, estase apostando polo emprego, pola economía e polo comercio de Vigo.

Se vostedes defenderan Caixanova como a tiñan que defender, eses pequenos e medianos comerciantes tamén terían unha caixa de seu, de Vigo, para que lles seguira facilitando os créditos. Vostedes non o fixeron.

Pola contra o alcalde, Abel Caballero, baixou os impostos na nosa cidade para a súa dinamización económica.

Non nos veñan contando películas, levan gobernando na Xunta de Galicia dous anos e o único que fixeron polo comercio foi negarlle o pan e o sal, recomendar que se compre fácil en Portugal, como fixeron vostedes: “Vaia Portugal, compre fácil” con aquilo das peaxes, lembran? Debe ser para potenciar o comercio portugués que non o de aquí.

Ademais de todo eu coido que esta moción non a escribiu vostede, escribiulla a Sra. Porro porque de seren vostede quen a escribira non podería poñer tal cúmulo de barbaridades. A Sra. Porro si a puido escribir porque como non vive en Vigo nin paga aquí os impostos e non coñece a cidade, por iso pon aquí “Ese lado escuro de Vigo, ese lado negro” que lle repito que é de cores.

Vostedes sempre están na contra desta cidade de Vigo como dicían os meus compañeiros. Están na contra do AVE dende Feijóo ata Mariano Rajoy, pasando por Cospedal ou polo voceiro de infraestruturas do Partido Popular. Vostedes, os do Partido Popular de Vigo, están na contra do aeroporto de Vigo e, saben o que sucede co voo a Londres? Que tamén é Londres-Vigo, que tamén veñen de Londres a Vigo para comprar nesta cidade. Vostedes están en contra diso, nin vostedes nin a Sra. Porro saíron xamais defendelo. O que fan é desviar os tiros, demostran unha grande incapacidade na súa xestión tanto económica como de emprego.

O pleno emprego en Galicia e tamén en Vigo, señores do PP e Sr. Fidalgo, teno que garantir Feijóo. Pero vostedes miran cara outro lado, negan esa evidencia e din que con vostedes non vai. A ruína que temos é que vostedes non aposten por Vigo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Rodríguez Díaz e señores do Bloque Nacionalista Galego, miren como se potencia o comercio na cidade. Isto non son maquetas nin infografías, non é un debuxo este recorte de prensa que teño aquí, é realidade e di: “Dez mil visitantes nun só día”. Dez mil visitantes a unha media de setenta euros, multiplique e daralle 600.000 nun día. Así o di o comercio: “Día magnífico para o comercio local”. Porque por se non o saben para que funcione o comercio ten que haber emprego e que flúa o diñeiro.

Os vigueses e as viguesas dende que gobernan os socialistas e os nacionalistas teñen menos diñeiro, moitos están sen traballo e quen ten un emprego aforra se é

que pode polo que poida pasar porque o futuro si que é negro, Sr. Rodríguez Díaz. Vostede fala do aeroporto, do AVE, iso é o que lle importa o comercio e ademais nin sequera intervén o concelleiro de Comercio e por iso dicíamos que non existe un plan de dinamización do comercio, nin interese polo comercio.

O que lle fai falla a este país e a esta cidade é un cambio de goberno porque iso traerá confianza, que traerá investimento e o investimento emprego, polo tanto consumo e que ó comercio lle vaia ben.

O único que fixeron neste tempo foi eliminar mil seiscentas prazas de aparcadoiro en superficie e a consecuencia son os comercios pechados. Non fai falla máis que dar unha volta por García Barbón, María Berdiales, López Mora e a rúa Pi i Margall que a tiveron pechada un ano. Así non aguanta o comercio, non aguanta en condicións normais e menos en época de crise.

Nunca houbo tanto diñeiro para o comercio, durante estes catro anos gastáronse oito millóns de euros. Pero non maior gasto implica mellor xestión, non vimos nada e iso que ó alcalde lle encantan as áreas comerciais, pero todas pintadas porque no Plan Moneo aparece área comercial, en Pizarro área comercial-gran superficie, na estación do AVE tamén vai unha área comercial, o world trade center unha área comercial, o Plan Nouvel unha área comercial. E quen goberna na Coruña é o bipartito que foi quen lle deu licenza a Marineda City, que por certo é unha mágoa porque 250.000 persoas, moitas de Vigo, se desprazaron á Coruña.

Emenda presentada durante o curso do debate, en escrito de data 25 de marzo, pola voceira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro:

“Instar ao presidente da Xunta de Galicia a cumprir o “contrato con Galicia” que comeza coa palabra “Emprego”.

Ao non seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Fidalgo Iglesias, a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz

Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, instando á Alcaldía a cumprir a súa promesa electoral do Pleno emprego, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.- (96).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO AO GOBERNO MUNICIPAL QUE NON SE MODIFIQUE O CONTRATO DE CONCESIÓN DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 174/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 11 de abril de 2011, número 174/1101, o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“O 6 de marzo de 2006, durante o goberno da Alcaldesa Corina Porro, a Xunta de Goberno Local adxudicaba a construción e explotación do Auditorio Pazo de Congressos de Vigo.

O novo goberno municipal autorizou importantes reducións no proxecto de construción do auditorio que implicaron unha redución grave na calidade dos servizos que esta importante infraestrutura debería prestar aos seus usuarios e unha redución importante de custes de construción para o concesionario respecto das súas obrigas contractuais.

O contrato de concesión de obra pública do auditorio ten unha duración de 35 anos. Ao rematar a obra será recibida polo Concello polo que a ampliación dese prazo suporía un detrimento grave para os intereses do Concello e un beneficio para o concesionario.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Vigo solicita ao Goberno Municipal que non se modifique o contrato de concesión en prexuízo dos intereses do Concello de Vigo.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 14 de abril, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Traemos esta moción ao Pleno porque coido que é bo que quede reflectido neste órgano o que fixo cada quen con respecto ao Pazo de Congressos. Coidamos que hai moitas eivas, moitos erros e seguramente cando pasen anos, alguén terá que se responsabilizar dalgunhas decisións que se tomaron. Vou facer unha pequena cronoloxía da adxudicación do Pazo de Congressos. O pazo nace no ano 2000, cando gobernaba don Lois Pérez Castrillo e estaba de tenente de alcalde o Sr. Príncipe; naquel intre ese goberno, coa man tendida pola Xunta de Galicia, departamento de infraestruturas dirixido entón polo Sr. Cuiña, asinan un convenio que se empeza a levar a cabo coa compra dos terreos de Cordelerías Mar, unha asignación aos traballadores dunha cantidade importante naquel entón de dous mil millóns das antigas pesetas, faise un concurso de ideas, adxudícase este concurso e a partir de aí chega un goberno do Partido Popular, presidido pola Sra. Porro, onde se fai a tramitación máis importante dese documento porque se asina o convenio entre a Xunta de Galicia, o propio Concello e a Autoridade Portuaria, faise a desafectación dos terreos, faise o prego de condicións e adxudicación, que creo que é o importante deste documento.

O día 2 de maio de 2006 asínase nesta cidade o documento de adxudicación por dona Corina Porro, don Julio Fernández Gayoso, don Luis Fernando del Rivero. Esta adxudicación loxicamente é posterior a un proceso de licitación onde se presentaron tres empresas; unha queda excluída e quedan outras dúas no concurso, adxudicándose ao final a unha UTE de Sacyr-Puentes-Caixanova.

Esta adxudicación ten uns condicionantes que veñen derivados dunha oferta que libremente presentaron todas as empresas e que se traduce nun documento asinado en xullo de 2006, tres meses despois, onde se traslada o proxecto básico e memoria desta proposta. Este proxecto básico valórase aproximadamente en 82 millóns de euros, ten unha serie de características importantes como son case 900 prazas de aparcadoiro, tres plantas de sotos, 90.000 metros cadrados de edificabilidade, 1.500 butacas máis 500 dunha sala anexa...

A maiores cun condicionante especial porque se traballou durante o prego de condicións que o Concello non tivese que achegar nunca nin un euro á parte da achega inicial, é dicir, que no equilibrio económico financeiro non achegase nunca nin un só euro. Iso era moi importante porque se é importante que o investimento sexa mixto e público, 24 millóns da Xunta de Galicia, 12 millóns do Concello e o resto da concesionaria, tamén era importante que o custo do mantemento e da posta en funcionamento do pazo de congresos non custase absolutamente nada ao erario municipal.

A partir de aí, fíxose a adxudicación, presentouse libremente pola empresa esta memoria en xullo de 2006 e é curioso que cando faltaban quince días para rematar o mandato, a concesionaria presenta por escrito unha modificación do contrato que substancialmente se baseaba en que había unha rocha abrasiva e que os dous sotos de aparcadoiros non se poderían construír ou resultaría máis caro. O goberno daquela do Partido Popular tomou unha decisión e denegouse esta solicitude dicindo que había unha proposta, un concurso público, unha oferta que estaba apoiada por unha memoria e un proxecto básico que figuraban no documento e que se se tiña que construír que se fixera e que se contemplase o Pazo de Congresos en toda a súa extensión.

Cambiou o goberno e a partir de aí o novo goberno cedeu ante as pretensións da concesionaria e reduciuse a superficie.

SR. LÓPEZ CARREIRA: En principio o BNG non lle ve moito problema a esta moción e podería estar de acordo co que solicita pero a verdade é que non entendemos o por que desta moción. O BNG non ten constancia ningunha, nin coñece ningún documento, nin ten ningunha información non formal na que se preveza que vai haber un cambio das condicións do contrato de concesión. De aí que nos preguntamos por que traen esta moción a este Pleno.

A non ser que sexa unha moción preventiva, algo que a vostedes parece que lles gusta moito ultimamente. Durante moitos días estiveron esixindo que, saltándose o poder xudicial, o goberno aplicara detencións preventivas e agora nos traen unha moción preventiva na que non hai ningún dato que avale a necesidade da mesma.

O que realmente sería preventivo é que cando comezaron as obras de construción do Pazo de Congresos vostedes puxeran os cartos que había que poñer, que

vostedes financiaran a obra igual que se fixo noutros lados en Galicia. Vostedes unicamente se preocupan de pedir placas, que para iso si que andan finos, pero realmente non poñen os cartos que teñen que poñer. Como dato deixar claro que vostedes puxeron o 20% do financiamento do Pazo de Congressos.

De todos os xeitos o BNG quere ver a parte positiva desta moción, á parte que obriga a goberno futuros e iso non está mal. Por certo que antes de nada quero felicitalos porque sei que, non conscientemente, pero están a realizar un enorme exercicio de realismo porque a tres semanas dunhas eleccións vostedes queiran obligar ao goberno futuro, indica que realmente non teñen ningunha confianza en acadar a Alcaldía. Iso está moi claro porque non ten sentido que o Partido Popular, caso de pensar en gobernar esta cidade, nos pidan ao BNG e máis ao PSOE que avalemos unha obriga para vostedes cando gobernen. Por iso quero felicitalos.

De calquera xeito o BNG si conta con gobernar esta cidade os catro anos vindeiros e si se compromete a non modificar as condicións actuais do convenio de concesión que nestes momentos hai no Pazo de Congressos e por iso imos votar a favor da moción.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Figueroa, este é o último Pleno ordinario antes das eleccións municipais e sinceramente lle debo recoñecer un valor inmenso para presentar esta moción neste Pleno. Á parte da argumentación que lle acaba de dar o concelleiro de Cultura, co relato que vostede fixo hai que ter moito valor porque, para centrar o debate, de que auditorio me está a falar? Deste solar que nos entregaron? Que cando houbo que demoler o presuposto e a adxudicación que fixeron vostedes estaba en 83 millóns de euros, como vostede ben dixo? Fálame deste ou do que conseguimos este goberno? Sinceramente non sei de que auditorio me fala.

O auditorio é o exemplo do que vostedes serían incapaces de facer e do que fixo este goberno con Abel Caballero coma alcalde. Ese é o mellor exemplo e sei que intimamente se algo lles doeu a vostedes das consecucións deste goberno é o auditorio. O día que se inaugurou moitos tiñamos cara de satisfacción, de nos sentir vigueses e de sentir esa instalación como nosa e vostedes parecía que ían a un enterro, tiñan unha cara de funeral tremenda.

A historia negra do auditorio e a que acaba de relatar vostede. Coma é capaz de vir a este Pleno a dicir que a Sra. Porro é magnífica porque asinou un convenio coa

Xunta de Galicia no que só consegue o 20% do auditorio, mentres que nesas mesmas datas o goberno da Xunta de Galicia dáballe a Santiago 400 millóns para a cidade da Cultura? Ten vostede un valor tremendo e eu non sei como lle xulgarán os cidadáns.

A Sra. Porro non defendeu a esta cidade. O auditorio foi posible gracias aos vigueses e non podería ter sido posible gracias á súa xestión. Ten que dicir a verdade aos cidadáns porque vostedes adxudicaron unha obra ó redor de 83 millóns de euros no ano 2006 con prezos de 1999 e vostedes sabíano. Tamén sabían e fixeron unha trécola legal que o proxecto de obra se tivera que presentar ao mes de se constituír a nova Corporación. Este foi un dos primeiros papeis que se atopou o alcalde logo da toma de posesión e aqueles aos que vostede concederan a obra dixeron que custaba 150 millóns facela. Son vostedes quen teñen que explicar aos cidadáns como o que adxudicaron en 83 millóns valía 150. Non veña preguntármonos a nos, vaia preguntar a quen adxudicaron vostedes a obra.

O auditorio foi a súa gran estafa política, Sr. Figueroa, e ten que explicar por que o que adxudicaron por 83 millóns valía 150 millóns de euros. Non se pode enganar aos cidadáns, non se tocou a parte pública do auditorio porque se antes lle ensinaba as fotos de coma o deixaron, este é o magnífico auditorio que se fixo coa cantidade que vostedes adxudicaron, sen tocar nada da parte pública, só reducindo a parte comercial.

Cando vostedes falan na moción de defender os intereses deste Concello, o único que os defendeu foi este goberno porque vostede, que fala da concesión, que fixo un relatorio e que sacou moitos documentos, o primeiro documento que debería ter sacado é o dos 150 millóns pero o primeiro que ten que facer como responsable público é dicir que o mantemento do equilibrio financeiro dun contrato é unha das obrigas dese contrato e vostedes fixeron unha adxudicación que sabían que non se axustaba aos prezos do ano 2006.

Afortunadamente os vigueses teñen un auditorio. Vostedes só nos deixaron dos máquinas movendo terra dun lado para outro, xa que estamos preto do porto deixáronnos un barco metido nas pedras e só este goberno foi quen do quitar cunha xestión eficaz e con vostedes sempre á contra.

SR. FIGUEROA VILA: Agora xa chegamos á conclusión de que este goberno púxose

de xeonllos perante a concesionaria. Quérolle preguntar ao Sr. Font onde están os 28 millóns de euros de diferenca que hai pola supresións de dous sotos de aparcadoiros, que pasaron de 800 prazas a 315. Quero preguntarlle onde está a redución da zona pública que pasou de noventa e pico mil metros a corenta mil e que ten un custo de 13.200.000 euros. Quero preguntarlle onde está a diferenca do equipamento escénico, que non o hai no auditorio e que é un fraude, pódeno comprobar, que no proxecto inicial estaba valorado en 5.600.000 euros e pasou a 3.600.000. Onde están os vinteoito millóns de diferenca.

En poñerse de xeonllos perante a concesionaria tal como fixeron porque nos lle dixemos á concesionaria que non se podía modificar o contrato. Pero isto non queda aquí, estes 28 millóns de euros de diferenca que me gustaría saber onde están, a quen foi dirixido e destinado este diñeiro.

Sr. representante do BNG, vostede nunha Xunta de Goberno di que hai a posibilidade de ampliación do período da concesión de 35 a 60 anos. Xunta de Goberno que tivo lugar o día 16.09.08 e que vostede estivo presente. Ademais establecemento de subvencións á explotación na anualidade que se indica segundo as contías: 2011, 1.850.000 euros; 2012, 1.650.000 euros e 2013, 1.450.000 euros. Case seis millóns de euros máis que imos pagar o Concello no mantemento e na explotación cando antes era a risco e ventura da propia empresa.

Vinte e oito millóns de euros dos aparcadoiros e da redución da superficie, máis dous millóns de euros de equipamento escénico, máis 6.000.000 de euros que lle vai dar o Concello, máis a ampliación da concesión de 35 a 60 anos.

Vaia á páxina catro do plan económico financeiro que presentou a empresa e ten o mesmo formato: A ampliación da concesión para o modelo de 60 anos ten o obxecto de restablecer o equilibrio económico financeiro e considérase que se reciban subvencións. Gustaríame que llo expliquen á cidadanía.

Traemos esta moción porque dentro duns anos, cando esa sexa unha zona urbana, imos ver onde se aparcan os coches. Suprimiron un aparcadoiro, de case 900 praza a un de 300. Dous sotos máis corenta mil metros cadrados de edificabilidade, máis o equipamento escénico de dous millóns de euros, que non está nin o que está no proxecto agora mesmo e senón búsqueno, a ver cando custa o equipamento escénico que hai agora mesmo no auditorio.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse e máis a concelleira do Grupo do BNG, Sra. Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, instando ao goberno municipal a non modificar o contrato de concesión do Auditorio-Pazo de Congressos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron.

5.- (97).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, EN RELACIÓN COA SITUACIÓN DOS AFECTADOS POLAS EXPROPIACIÓNS DO AVE EN TEIS.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Teño un rogo e non vou explicar agora a problemática dos afectados polo AVE en Teis. É un expediente que todo o mundo coñece e que foi unha chapuza e unha inxustiza para as familias ás que nun principio lles ía pasar o AVE polas súas casas. Expropiáronllas e agora queren anular esa expropiación. Queríamos pregarlle ao Alcalde que tente mediar co Ministerio de Fomento para dar unha solución a estas familias.

A PRESIDENCIA: Debo dicirlle que estamos en continuo contacto coas persoas afectadas. Comparto con vostede que foi unha chapuza inicial contemplar a entrada do AVE en Vigo en gabia polo goberno anterior e iso foi o que provocou as expropiacións. Agora que entra en túnel estamos en proceso de reversión, paralizáronse as expropiacións. A última xuntanza que tiveron con eles foi hai

escasamente cinco días.

O Concello dá facilidades xurídicas ós efectos de que os afectados teñan unha asesoría pero adicionalmente estamos estudando a posibilidade de que este Concello compareza apoiando oficial e xuridicamente aos afectados.

6.- (98).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. GARCÍA MÍGUEZ, RELATIVA AO HORARIO PARTIDO NO SERVIZO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: O Grupo municipal do Partido Popular quería facer unha pregunta, xa que apareceu nos medios de comunicación nos últimos días que o grupo de intervención familiar vivía a 230 menores en situación de risco por falla de atencións dos pais. O equipo de intervención familiar deste Concello ten un total de 1.432 beneficiarios e UXT está a acusar ao Concello vigués de dificultar a atención a familias en risco de exclusión social. Critica ademais á concellería de Benestar Social polo seu horario de atención xa que vai dificultar moito...

A PRESIDENCIA: Sra. García, por favor formule a súa pregunta. Este non é o momento das argumentacións.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Ben, pois a pregunta é en que se basean ou cal é o motivo polo que crearon un horario partido de catro tardes no programa de intervención familiar do Concello a pesar do rexeitamento do equipo e das traballadoras sociais deste Concello.

A PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. COELLO BUFILL, RELATIVA A SITUACIÓN DO APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL, LOGO DO SEU PECHE O DÍA 4 DE MAIO.

SR. COELLO BUFILL: No último Pleno o Partido Socialista coa axuda do Bloque

Nacionalista Galego acordaron a xestión directa do aparcadoiro de Praza de Portugal. A só seis días para que remate a prórroga da concesión o Partido Popular quere coñecer que trámites fixo vostede para, cando ás cero horas do día 4 de maio, a actual concesionaria apague as luces, baixe a persiana, quen se vai facer cargo dos vehículos no interior? Que funcionarios están designados? Que tarifas se van aplicar? Que vai pasar cos traballadores que prestan servizo na concesionaria? Que teñen vostedes previsto para os locais que están dentro da concesionaria?

Moitas gracias

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, contestaráselle por escrito.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. LARRIBA LEIRA, RELATIVA Á DENOMINACIÓN DE RÚAS CO NOME DE VÍTIMAS DO TERRORISMO.

SRA. LARRIBA LEIRA: En cumprimento da potestade que ten este Pleno, ao longo destes catro anos demos nome a numerosas rúas en prazas da nosa cidade cumprindo os acordos de Corporacións precedentes referidos, entre outros, a aumentar a presenza de rúas adicadas a mulleres con especial mención ás represaliadas no 36 ou os topónimos tradicionais.

Esta Corporación só presentou unha proposta nestes catro anos que se aprobou por unanimidade o 30 de xuño de 2008. O acordo di así: “Que se adiquen nomes de vítimas do terrorismo a rúas da cidade e que se celebren actos de recoñecemento coa participación da sociedade civil coma homenaxe ó seu sufrimento, á falta de atención que padeceron e ó seu importante papel na defensa das liberdades”.

Este Grupo municipal pediu na comisión de toponimia que se instruíse un expediente para aprobar por este Pleno, antes de rematar esta lexislatura, o nomeamento dunha rúa ou praza ás vítimas do terrorismo. A nosa pregunta é por que non se fixo isto e por que non se ten en conta que humanizar as rúas non é só poñer as laxas senón tamén facer referencia e, como neste caso, un recoñecemento claro ás vítimas do terrorismo.

A PRESIDENCIA: Váiselle contestar por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretaria dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña..